

# A xeración do 16

Discurso lido o día 16 de xuño  
de 1951 no acto da súa recepción,  
polo ilustrísimo señor don

**Ramón Villar Ponte**

e resposta do excelentísimo señor don

**Ramón Cabanillas Enríquez**



REAL ACADEMIA GALEGA







## A xeración do 16

O solemne acto académico  
no que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume celebrouse  
o 16 de xuño de 1951  
no Salón de Actos da  
Real Academia Galega.

A presente edición elaborouse a partir  
da edición orixinal publicada no ano 1977 pola  
Real Academia Galega.

Edita  
Real Academia Galega

© Real Academia Galega, 2015

Deseño da colección  
Grupo Revisión Deseño

# A xeración do 16



REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña 2015



Discurso do ilustrísimo señor don  
**Ramón Villar Ponte**







## Señores académicos:

Somentes un mérito puidestes achar en min pra traguerme a ista xuntanza ilustre, que constituie o máis valioso labouratorio cultural da nosa terra. Tal mérito, que máis que mérito supón un deber ineludíbel en todo galego, é iste amor fondo, sentido, cordial qu'en todo intre movéu as acciós da miña vida pra procedere en conseqüenza, o que determiñóu que un día o malogrado poeta, tan noso, Lois Amado Carballo puxese na pirmeira llana de un exemprar do seu belido libro de poesías *Proel*, a min adicado, unhas liñas agarimosas inda que cicáis hiperbólicas, nas que me chama “mestre d’entusiasmo galego”. Porque iso sí. Poderá o qu’eu levo feito i-escrito tere pouso en ningún valor; poderá sere máis ou menos estimábel. Mail-o que ninguén me podera negare é que todo, absolutamente todo canto eu fixen ou sigo faguendo, se acha ateigado de un amor a Galiza, de un intrés por Galiza que calquera poderá igualar, pro nunca superar.

E sendo eisí, e sin outras razóns, xa calquer eisixente poderá aceptar que si a miña desiañación pra ocupare un posto na vosa ilustre xuntanza é recompensa por demáis outa i-eiscepcional, ela emporiso se acha xustificada, até certo punto, pol-a razón única qu’en asiñalo o dou como verdadeira. Eisí, soio eisí, puiden eu aceptala. De outro xeito, eu non podería recibire un tal outo honor que soio nos escolleitos debe corresponder decote.

Tendo en conta o que levo dito, a vosa eleición da miña persoa pra ocupar o posto que deixóu valeiro o ilustre e ben querido patriano de feliz memoria, don Wenceslao Requejo, constituie un acerto. E o constituía porque o motivo que determiñara a sua elección fora, en pirmeiro termo, aquel entusiasmo seu por todo o da Galiza e que faguía d’él un perpetuo preocupado pol-as cousas galegas, preocupación que o tiña decote disposto a esbigoar en todol-os recunchos da terra pra dare con publicaciós, con ouxetos, con todo aquilo, nunha verba, que tivese relación grande ou pequena con Galiza.

Non por outro motivo que pol-o apuntado a xunta orgaizadora da Academia, nos seus inicios elexira ao meu denantecesor ilustre pra sere un d'aqueles varóns escolleitos i-enxebres, ilustres dobrementes pol-o seu talento e pol-a súa acesa galeguidade, que formaron o pirmeiro plantel de académicos de número que a Murguía, o venerado e indiscutíbel mestre de todos, tiñan por cabezaleiro esgrevio, e cô qu'encetaron o navegar da nao académica polas mareiras, non sempre doadas e agasalleiras, do tempo.

Home de unha modestia eisaxerada, don Wenceslao Requejo tivo iniciativas, publicóu traballos e participóu decote en empresas e trafegos patrióticos que abondarían pra lle donare a categoría de galego relevante i-exemprar, e pra faguere o seu nome máis coñecido do que foi, si él, embozado n-un anonimato premeditado, non refuxise toda divulgación e non termase rexamente, con un virtuosismo que é honra, de ficar iñorado lonxe da praza pública onde soio bulen os arriscados e se cimentan tantas sonas cuia lexitimidade faise discutíbel.


Esbigoando cuidadosamente no seu actuare, nós soio conseguimos coñecer â lixeira algo da sua laboura erudita e galeguizadora, que agora compracémonos en facer pública pra que o seu faguer fique enaltecida coa louvanza póstuma e ben merecida da que istas liñas tencionan seren axeitada nova. O que vos fala coñeceu a don Wenceslao Requejo pouco tempo denantes do seu pasamento. Foi n-iste local. Dende o mesmo intre en que tiven o honor de sere presentado ao distinto patriano eu fiquéi encadeado a él por unha irresistíbel simpatía. Tratábase de un vello miudo, inquedo, dono de unha especial sorriso, reflexo indubitábel de unha bondade singular que, dende o pirmeiro contacto se adentraba na yalma do que a contemplaba por pirmeira vegada, e da que pode decírese qu'era como un se trocare da yalma en branca e lizgaira volvoreta. Tratábase de aquela sorriso que soio pode ser poseida pol-os homes ateigados de comprensión, limpos d'esprito, que saben erguérense por riba das cativeces humáns abenzoando decote e pôndo en todo o que os arrodeia a impronta consoladora da súa bondade. Eisí, de iste xeito, fitamos nós ao velliño atraínte e acolledor, ao velliño namorado da Galiza, que soupo pasar pol-a vida deixando após de sí un ronsel de simpatía, e a lembranza perenne de unha identificación exemprar coa terra nai qu'é toda unha leición eloconte de galeguidade benfeitora e sin lixo. Nós, ao cumprir agora iste deber protocolario d'evocar a lembranza do noso denantecesor na cadeira académica, o faguemos ateigados de unción, sentindo que o noso esprito trema abalado pol-a lembranza da sorriso paternal de aquel "vir bonus" qu'en vida foi don Wenceslao Requejo.

No decorrer da vida galega hai un ano, dentro dos que van sucedidos na actual centuria, cuia lembranza, lonxe de s'esmorcere, cada vegada se afirma máis e máis, até o punto de ire abranguendo paseniño aquel releve destacado con que as datas cumias, as datas ergueitas e de siñificanza singular se fan presentes de cote no fluir vital dos homes e dos pobos. Trátase de un ano –1916– cuia importancia se non esvaeo pasar dos días, cal ocorre pol-o xêral, sinón pol-a contra, ela se perfia nidiamente a medida que o tempo pasa, tornando cada vegada máis presente e máis rexamente acreedor â nosa mais crara lembranza.

N-él, no citado ano, a nosa terra dase a sacudir a preguiza que a amantiña silandeira e queda. Enceta os movementos que denantecedan ao porse en pé. E con un vigor e con unha decisión, que se non sospeitaban n-algo tan apagado como a Galiza semellaba estare daquela. Abondóu pra elo que a vountade firme dun rexo patriota, que a sensibilidade fina de un espírito benemérito, conxuncionados n-un intre feliz decidiran a acción, o se pôr a actuaren, pra que o miragre da renascenza tomase corpo e se fixese cousa tanxibre e viva na materia inoperante de unha persoalidade rexional, que dende tempos moi recuados viña adormescida e casi valeira de manifestacións vitaes, de feitos reveladores d'efectiva eisistencia.

Cando tal sucedéu xa andaban lonxanos os días inesquecentes dos precursores. Ficarán esvaidos, baixo o mouro fatelo da indifrenza e do pesimismo esgotador, os intres lostregueantes que n-aquela ocasión fixeran concebiren risoñas espranzas, axiña esmorecidas. D'eles soio ficaba a lembranza benéfica, qu'endexamáis deixóu d'esporar os azos dos poucos, pro xurdios, patriotas que n-agardanza de tempos millores non quixeron nunca s'entregaren ao desespero e se daren por vencidos. Mais pasaban os meses e seguían os anos sin que por ningures, se abesullase unha raiola confortadora, un cativoiro feixe de luz axeitado pra crebar as mouras tebras qu'envoltaban â nosa terra e que semellaban pôr encol d'ela o letreira “abandoade toda espranza” que, como unha asoballante maldición, pon o gran toscano Dante na porta do seu inferno.

A Galiza semellaba acharse no trance fatal dos condenados dantescos. Xunghida ao carro de un sistema antinatural e infecundo, a terra galega iba percorrendo as xornadas de un probe vivir, cada vegada menos seu, cada vegada



máis alleo, e, pol-o mesmo, menos axeitado pra que dentro dél se oferescesen posibilidades de feitos proveitosos e de accións fecundas, capaces de abrangueren a estima e o aprezo non soio dos alleos sinón tamén dos propios.

Dende logo, sería unha inxustiza faguer cousa certa que o galego se non escomenzara a empregare como lingua corrente e axeitada a todas as necesidades por algunhos escritores, denantes de que as “Irmandades da Fala” fixesen a súa aparición. Como ninguén ñora na nosa língua se produciran xa, non soio poesías illadas, sinón tamén libros de poesías, d’eles algunhos de un outísimo valor. Non faltaron, asemade, libros de prosa galega. Y-en xornaes e revistas traballos feitos na lingua da terra se puideron leren máis de unha vegada. Quérese decir con isto que nós non pretendemos deixar sentado que o cultivo abondoso do galego, dende qu’él se inicia, témero e balbucinte até que xa se manifesta seguro e borreante, non foi derivación e froito eisclusivo do xurdimento das “Irmandades”. O que si termamos de probare é que un cultivo sistemático, premeditado, abarcando todol-os campos d’eispresión individual e colectiva, incruído, craro está, o da adoitada conversa entre persoas de categoría intelectual e profesional, se non realizara nunca tan completa e totalmente até o intre en que as “Irmandades” aparescen e s’espallan pol-a terra.

Todo o que denantes do 1916 se fixo en tal terreo, con sere todo el muy estimábel non foi emporiso, máis que a xeito de meritorios, pra pequenos tencionamentos de perpetuación i-enaltecimentos da lingua. Algo a xeito de sináis vitaes que o idioma autóctono daba pra faguerse presente e revelar a súa eistencia digna de millor sorte. Mais, con todo, faltaba algo qu’era indispensábel. Algo que xa a ilustre dona Emilia Pardo Bazán —nada sospeitosa, por certo— sometera en liñas súas, de cote pulidas e asisadas, â consideiración dos bôs galegos; dos galegos pra quenes a Galiza é algo máis que materia de anécdota i-esceario de un pintoresquismo sin trascendencia e fallo de efectividade vital. Dona Emilia, faguendo gala do seu talento precraro e crarividente, decía eisí: “Al afirmar que el atraso de la lengua gallega nace de su carencia de literatura, no me refiero solamente a las bellas letras. También es cultivo literario para un idioma la conversación entre gentes instruidas, el comercio epistolar, la oratoria sagrada y profana, los instrumentos públicos y esto en Galicia se hace en castellano. No así en Cataluña, donde todas las clases sociales para todos los usos de la vida, se sirven del habla provincial; por eso allí un leve chispazo bastó a encender la inmensa hoguera de la «Renaixenza literaria» y el idioma convenientemente elaborado, flexible y abundante facilitó las empresas de sus cultivadores”. Con istas liñas a ilustre autora de los *Pazos de Ulloa* puña o dedo na chaga i-en certo xeito apuntaba a necesidade de unha xêralización


do galego en todol-os aspectos, cousa que deica aos anos a que concretamente imos a referirnos, se non fixera aínda de modo rotundo, total, como dimpóis se fixo e cós resultados que tan patentes son.

Indubidabelmente como dona Emilia dí, o renascimento literario galego, que nos seus días se tencionou e dou principio, tivo moito “de reconstrucción artificiosa que le impuso la circunstancia de hallarse aquí casi olvidada el habla antigua entre las personas capaces de prestar atención a los asuntos literarios. Son muchos –prosigue a gran escritora– los que nacidos y criados en provincias gallegas encuentran tan difícil entender una poesía en dialecto como otra en extranjero idioma. Y aun cuando los poetas que escriben en dialecto están familiarizados con él, no se eximen de practicar una operación mental siempre dificultosa por más que sea inconsciente: construir en gallego lo que pensaron en distinta lengua. Quizá por estas razones, fuera de un ensayo del drama y otro de novela, obras respectivamente de Francisco M.<sup>a</sup> de la Iglesia y Marcial Valladares, la literatura regional, que yo sepa –di a escritora–, no ha producido sino poetas líricos, como sucede en el bable y en el euskara”.

Sen dúbida algunha, dos trechos que reproducimos, saídos da pruma da eiscelsa escritora galega se tira doadamente a conseqüenza de qu’ela soupo fitar como poucos, por obra do seu gran talento, toda a fondura da empresa que tería de s’encamiñare â restauración i-espallamento da lingua vernácula. E os considerando e os tendo presentes nós podemos decatarnos agora, habida conta do que a partir do ano 16 se fixo, dos espréndidos resultados abranguidos pol-as “Irmandades” cō seu labourar persistente, tenaz, decote guiado por unha crara e feliz comprensión do problema.

Pr’â insigne autora de *La Quimera* unha difrenza notábel se apreza antre o ambiente catalán, que acobilla o xurdimento da “renaixenza” catalana, e o ambiente galego de aqueles días, que permaneceu inalterábel até o 1916, ano no que as “Irmandades” xurden pra pôr remate a un estado de cousas que de non teren xurdido aquelas houbese chegado moi lonxe, ocasionando derivacións de abrangue insospeitado.

Con acerto escribía dona Emilia: “Débese la superioridad de Cataluña a varias causas bien patentes, entre las cuales descuellan las filológicas. Por culpa de la malaventuranza política de Galicia, el habla gallega vino a quedarse huérfana de literatura; y la literatura es para las lenguas lima que pule, barniz que abrillanta, mirra que conserva, nardo que perfuma, flor que adorna, savia que hace brotar y crecer el árbol ¡Desdichada mil veces la lengua que carece de la consagración literaria! Por ilustre que sea su origen al cabo vendrá a



convertirse en el aullido inarticulado de la fiera, en el grito salvaje del mísero labriego que habla a su yunta de bueyes poco más racionalmente de lo que ellos podrían contestarle. Atendiendo al tiempo que la lengua gallega permaneció sin letras, todavía es admirable que al exhumarla poco ha de entre el polvo de los huesos de Alfonso el Sabio y Macías, se prestase con tanta ductilidad a la rima; y no debe sorprendernos que cueste grandes esfuerzos su reorganización ni censurar a los poetas si van a tientas formándose su propio vocabulario, si unos contradicen lo que otros establecen y si en ocasiones se limitan a verificar ideas pensadas en castellano y laboriosamente traducidas al gallego”.


Nas liñas transcritas nós fitamos algo a xeito de unha eiscitación pra pôr remedio a unha situación –a da lingua galega–, de que ningún beneficio se deitaba e da que soilo perxuizos e incomentes terían de se tiraren pra calquera empresa de rexurdimento da verdadeira persoalidade espiritual galega que se intentase no adiante. N-eles latexa como unha insinuación ceibada aos que de verdade se sentiran galegos, pra que sen perda de tempo realizaran unha laboura que, de se retrasare, cada vegada se faría máis dificultosa e pouco doada. Todo aquilo que dimpóis escomezou a faguere con tanta fortúa a “Irmandade da Fala”, isto é, a chamada por nós “política da lingua, é o que semella querer indicare a gran escritora cruñesa coas súas liñas aleccionadoras e oportunas”.

Faguíase perciso, pois, si é que de verdade se quería que a Galiza se atopara a sí mesma, levara a cabo, sen perda de tempo, unha laboura tenaz de recobro integral do propio verbo. Faguíase inaprazabel pôr remate ao aguniar lento, pro continuo, de aquela lingua, a nosa, que tendo condicións pra sere o instrumento axeitado da revalorización e recreación de un pobo, paseniño se amorecía, adulteiraba i-era suprantada, antramentes que a persoalidade de qu’era verbo natural d’eispresión andaba a arrastrare unha vida amorfa, esmorecía, que a medida que o tempo pasaba acusábase máis como terra rendida, poboada por unhos homes indefrentes, suicidas que, impasíbeis, asistían ao proceso ininterrumpido de desfiguración e perda da propia persoalidade.

\* \* \*

Pasaron anos dende que doña Emilia Pardo Bazán escribira as liñas reproducidas. Perante eles pouco ou ren se fixo pra rematare eficazmente o agoniar lento no que a Galiza viña debatíndose, e do que a preterición e o abandono da lingua, a súa adulteiración a medrare eran evidentes e craros reflexos.

Arredados unhos de outros, sin o más cativoiro contacto, pol-a nosa terra vivían espallados algunchos homes xenerosos, sensíbeis, que decatándose da realidade, comprendendo craramente cales eran os seus deberes de galegos conscentes, non atinaban empuriso a conxuncionaren os seus esforzos n-unha laboura común eficaz. Non atinaban a se solidarizaren n-unha laboura que, pôndo termo ao vergoñoso decorrer da vida galega pol-os vieiros trabucados que factores eistranos lle trazaran, fixese o miragre d'encetar pra él novos rum-bos que tivesen de produciren a recreación da persoalidade galega, cada vegada mais esvaída e alonxada dos seus canles naturaes de avante e desenvolvemento. De un xeito esporádico, sen caracteres de permanenza e continuidade, encol de bases circunstancias e pasaxeiras, tiñanse ensaiado actuacións que sendo, como eran, meritorias e merescedoras do alaudido polo ben tencionamento que as guiaba, percisamente por caresceren de unha auténtica base vital, e como tal permanente e sólida, deviñeran decote en rotundos fracasos, en tencionamen-tos esmorecidos tan axiña casi como iniciados, pra non deixar após de sí máis que un ronsel de desilusións acedas, e unha lembranza asoballadora d'esforzos perdidos. Vivos aínda no recordo de todos se achan os feitos aludidos. Faguer a súa enumeración agora, a máis de improcedente sería innecesario. Abonda, pois, con faguer constar que taes feitos, sinon outra cousa foron pol-o menos, revelacións craras do eisistir de unha concenza galega moi esvaída e difusa incapaz por sí soia de producire feitos eficientes, consecoenzas duradeiras, e máis que duradeiras transcendentaes, sempre e cando se non atopara o *quid*, o motivo fecundo e creador que actuando de vencello, de impulso, de forza xêtrix determinábase o verdadeiro rumbo a seguir, pra trocar as posibilidades, innegabelmente eisistentes, en realidade, asíñalando o xeito único de abran-guer os froitos apetecidos e por tanto tempo arelados. A Galiza andaba a vivire as xornadas monótonas despersonalizadoras do seu vexetar tristeiro, resiñado e manso, cando o estalido brutal da pirmeira guerra europea veu a abalare ferozmente ao universo enteiro, emborcando encol dos homes mágoas, sufri-mentos e aldraxes sin conto. Os catro xinetes apocalípticos galgaban por riba dos continentes arpepiados. A soberba dos que cobizaban faguer súa a terra enteira, apreixándoa antre as súas poutas luxadas polo sangue, andaban xa a s'esmorecere alá no ano 16, cando xurden as pirmeiras iniciativas pra unha reconstrucción mundial que, modernizando os estados e axeitando o proceso do seu vivir encol de principios biolóxicos e humans que puideran no sucesivo evitar a repetición de catástrofes cruentas como a que aínda latexaba d'aquela e na que xa iban asíñalándose os síntomas craros de un decrinar rápido e moi necesario.





Na España, como en total-as partes o estronicio causado pol-o esnaquizamento dos vellos e gastados imperialismos achou o seu eco. Moitos coidaron e non sin razón, qu'era chegada a hoia de un reaxuste â nova orgaización dentro dos moldes peculiares de cada Estado. E foron eiquí, antre nós os cataláns como o foron decote, xa que xustiza é confesalo, os devanceiros das xêraes arelas espertas nos vellos solares ibéricos.

“Per la España grand” era o tiduo de un manifesto qu'en Cataluña vira a luz pra sere logo espallado a eito por toda a Penínsua. Cando chegou â nosa terra, poucos foron os que souperon acollelo con aquel intrés, con aquela atención, con aquela curiosidade non espida de afecto, a que o manifesto se faguía acreedor. Un espírito inqueda, progresivo, acolledor, e xeneroso, aberto de cote a aceptación e seguimento de calquera iniciativa altruísta eiquí, antre nós, tivo pra él unha recepción franca e manifesta. Observador sagaz do que na Galiza viña sucedendo, coa yalma magoada pol-o espectáculo, cada vegada máis acusado, de despersoalización de terra nativa, douse en matinar fundamente no que aquelas liñas do manifesto en custión choran en sí. E matinando, matinando escomenzou a elabourare un propósito e a forxare unha decisión, ao mesmo tempo dentro de sí andaban a tomaren posicións todos aqueles esforzos, xa un tanto esvaídos pol-a esponxa do tempo, n-outroa realizaran, con millor intención qu'eficacia, unhos galegos xenerosos, esgrevios e precraros que Murguía, o xurdio Murguía, o pirmeiro d'eles, bautizara co nome eufónico e suxeridor de os “Precursores”.

Antón Villar Ponte, que íste é a quen nos referimos, situado antre os vieiros que a realidade histórica de aquel intre lle puña diante dos ollos; avalado pol-as fortes conmocións que o conflicto bélico, d'aquela actuante, ocasionaba todol-os espíritos sensíbeis, solicitado pol-as chamadas imperiosas, ineiscusabeis, de sucesos históricos cuya resoancia chegaba aínda ate os máis indiferentes ou frívolos, tivo de se sentiren esporado por unha grande, por unha rexa e trascendente obsesión. Tal obsesión era a de abranguer que a súa terra —a nosa Galiza tan esquecida de sí mesma, tan despersoalizada e adormescida— puxera en práctica o precepto pindárico “Sé ti o qu'eres” escomenzando a sere, pón-dose en pé e dispóndose a que, na hora solemne do gran reaxuste europeo, no intre inicial da nova xeira histórica que andaba a s'encetare trail-o silencio das bocas de fogo da gran contenda, ela aparecera como o qu'era: unha persoalidade viva, co-a que se houbera de contare cando âs terras hispánicas chegaran as arelas renovadoras que a eito xurdían nos vellos solares, fumeantes y-esnaquizados, das máis antergas nazionalidades europeas.

En verbas percisas, craras, ateigadas de aquel fervor qu'el soupo por en total-as cousas súas, Antón Villar Ponte decía: “Influido polo ambiente internacional, o resplandor da fogueira bélica que alumbeaba todo, logréi fitar ate que punto a Galiza, que tanto puido pesar nos destinos da España, permanecía sumisa e resiñada antre o tristeiro papel de colonia da Corte que lle topara en sorte dende escomezos do século dazaséis. O sentimento da galeguidade amotrábbase casi totalmente esmorecido na miña terra –prosigue o mesmo– A nosa lingua, a nosa lírica, as cousas da nosa Historia eran estudadas e tratadas por algunhos moi poucos, galegos, como feitos arqueolóxicos. Unha erudición fría falaba das nosas características raciaes de maneira ouxetiva, tal que si a Galiza fose un praneta morto e lonxano... Faguían inventarios do pretérito sin emoción algunha, salvo contadísimos conterráneos. As catro provincias en que nos escindéu o centralismo de Cea Bermúdez vivían a vida administrativa desvertebrada unhas das outras, sin sentires xa nin a máis pequena saudade da antiga unidade rexional, e os poboadores da mesma –poboadores e non moradores, porque os moradores supoñen o concepto de adhesión íntima aos costumes do propio solar convertidos en sinxelos habitantes de un territorio que deixara de sere país con alma, en loita suicida co *ego ipsisimus* tiñan a Madrid polo seu único meridián moral e artístico ate tal grado de indifrenza e decadenza se chegara xa que apenas ningún home culto da terra acadaba emocionárese coas cousas enxebres; pola contra isas cousas decote reflexadoras do *genius loci*, iban xa fitándose sin pena nin gloria, cando non con desprezo consideirándoas inferiores ás do resto da España”.

Tal era o panorama que a Galiza presentaba, cando o creador das Irmandades decidéu por en práctica os seus propósitos, panorama que o inesquecente mestre e guiandeiro singular A. Castelao reflexa asemade nas liñas que vades a ouvir e qu'el enderezara ao pirmeiro. Din eisí: “Alfredo Brañas xa morrera e a nosa terra deixábase asimilar estúpidamente, sin azos pra revivir. Eu d'aquela –continúa o mestre– tíñame polo derradeiro supervivente de unha Patria suicida. E foi n'iste intre cando chegou a mín a voz de Antón, voz que xuntóu a unhos cantos «bos e xenerosos» que non-os coñecíamos, pro que dende entón ficamos trabados por unha irmandade que ningún acontecemento pode romper xa. O nome de Antón siñifica pra mín o orixen do galeguismo”.

En toda a súa craridade foi fitado o probrema pol-o fundador das Irmandades e con toda craridade asemade puido decatarase do único y-eficaz camiño a seguir. Se non trataba de abranguer istes ou os outros milloramentos materiaes, inda que con eles puidera chegarse a instauración de un xurdio período de progreso material. Había algo tan outo, tan esenzal que sin a súa posesión




todo-los conqwerimentos que puideran se faguere carecerían de importancia. Era nada menos que o recobro da prena posesión de unha cultura propia, singular, e difrenzada, que independizándonos de culturas alleas nos trocaran en donos de unha persoalidade propia e a cuia posesión prena nos empurraban craramente indiscutíbels e latexantes razóns de tradición, de raza e de terra. Todo elo supoñía, craro está, o acometimento de unha empresa magna, de fondo valor cultural, cuias dimensións por amples non podían se someteren ás frías e ríxidas directrices dun programa político ao uso, programa que sempre suporía eiscrusión e dogmatismos doctrinarios, cousa que había qu'evitar a todo trance, xa o que se buscaba era un amalgamento de vountades presididas por un afecto único: O amor a Galiza; y-encamiñadas a un destino común: o recobro da espiritualidade galega que a todo-los nados na terra debía interesare por igual, obrigándolles a pospor as súas incrinacións partidistas pra fundilos n-arela común de abranguer o recobro colectivo da yalma perdida.

Resolto a aición, Antón Villar Ponte encetou a súa empresa de regalegui-zación dende as columnas do veterano xornal cruñés *La Voz de Galicia*. Foron éstas a tribúa axeitada dende a que o pai da feliz ideia ceibou as súas prédicas endereitadas a por en práctica aquela que puideramos chamar “política da lingua”, dando á verba “política” o senso de tarefa rexeneradora, de nova e desinteresada ordeación de esforzos en proouro do erguemento espiritual e cultural de un pobo, o noso, que tendo motivos e razóns máis que d'abondo pra figurar dignamente, e por conta propia dentro do vario conxunto hispánico, andaba a deixar esmorecer seus azos vitaes sin beneficio pra ninguén y-en prexuizo de unha posíbel e meirande forza e riqueza do acervo cultural peninsuar. Como era natural, aqueles traballos tiveron de seren acollidos de varia maneira. Non fallaron contradictores e apoloxistas. Máis istes que aqueles, e o remate de todo foi a publicación de un folleto *Nuestra afirmación regional* no que se contiñan os artigos publicados polo creador das Irmandades. Tal folleto tivo unha agasalleira acollida. Esgotado rápidamente, axiña unha segunda edición, millor presentada, fitou a luz, edición que a empresa de La Voz xentilmente regalou ao seu autor.

As páxinas acubuladas de amor a Galiza e a súa lingua que compoñen o folleto *Nuestra afirmación regional* non tardaron en chegaren a total-as partes. A chamada patriótica qu'aquelas constituían resoou no peito dos enxebres deica entoncos illados e fallos de luz. O pirmeiro en ceibar a súa resposta foi o distinto escritor e filólogo, mestre de galeguidade, don Aurelio Ribalta, na meritísima revista qu'en Madrid publicaba co título de *Estudios Gallegos*. Decía Ribalta, dimpóis de gabar cumpridamente a iniciativa e ao seu autor: “...Es

necesario constituir una asociación, tan numerosa como sea posible, de amigos de la lengua gallega cuyo elogio está hecho con decir que dio expresión a la floreciente cultura de dos naciones: Castilla y Portugal, y que en esta última ha sido y sigue siendo idioma oficial del Estado. La liga por el gallego será la liga por la cultura y por el trabajo de GALICIA, por su personalidad étnica, económica y social por su florecimiento industrial y financiero. Porque así como la fisonomía es lo que caracteriza, distingue e individualiza a los hombres, así la lengua que hablan es la fisonomía de los pueblos”. E dimpóis de engadir unha serie de argumentos decisivos a prol da idea remataba decindo: “Es preciso convencer a las gentes en Galicia de que ingresando en esta liga harán dos bienes: contribuir a una obra de dignificación para Galicia, y a una meritoria campaña de evangelización de España casi entera. La iniciativa en la constitución de la Liga es un honor que corresponde íntegro al iniciador de la idea. Sea él quien tenga la merecida satisfacción de llevarla a la práctica. Y por de pronto, valga por lo que valiese, cuente con nuestro desinteresado concurso, que después de todo le es debido por un inevitable imperativo de justicia”. Nos anos derradeiros do seu entusiasta artigo o mestre Ribalta faguía constar como xa algunhos destacados escritores manifestaran a súa conformidade co que se propuñan, pra rematar decindo: “Nosotros pedimos al autor de la feliz iniciativa que así como lanzó la idea, la lleve a término de realización inmediata y gloriosa; nosotros le auguramos que el éxito sobrepujará sin dudas a las más lisonjeras. La empresa es digna de él. Las más altas conveniencias de Galicia la reclaman imperiosamente. Hará una gran obra”.

Mais non foi soilo a s'eispresare eisí don Aurelio Ribalta. Outros moitos escritores, en diversas publicacións e xornaes, tiveron verbas agasalleiras pra se adheriren á iniciativa e se sumaren ao número de asociados á Gran Liga, como alguén lle chamóu con acerto. Non fallaba, pois, mais que convocare aos simpatizantes a unha xuntanza, asiñalal-a data da mesma e dare escomenzo ao percorrido do ample vieiro que tantas xurdias perspectivas e hourizontes faguía presentir e abesullar pra nosa terra. Isa data foi asiñalada. O día 18 de maio de 1916, oportunamente convocados, xuntáronse no salón do modesto local que a nosa Academia Galega ocupaba d'aquela no Rego de Auga, unhos cantos devotos da lingua, enfervorizados por unha galegitude exemplar e creadora e dispostos a daren todol-os seus esforzos pra reivindicación da propia lingua, que era tanto como decir pra a rehabilitación da terra. Aberto o acto con unhas verbas do iniciador da idea que motivaba aquela xuntanza, a prego d'él houbo de faguer uso da verba o home qu'en todo o seu longo vivir deu probas de unha galegitude rexa conscente e dinámica, don Manuel Lugrís Freire, faguedo



unha improvisación elocuentísima, que todol-os asistentes premiaron con fortes apraudimentos. Discutíronse e aprobáronse, co meirande entusiasmo, os estatutos que habían de rexer a Irmandade da Fala e púxose remate ao acto, tan sinxelo como eficaz e trascendente, coa desaiñación do consello directivo anual que tería de enroitar a marcha do novo orgaísmo e do que foi nomeado pirmeiro Antón Villar Ponte, pai feliz da idea salvadora xa posta en marcha.

\* \* \*


Aberto xa o camiño, a Irmandade dos Amigos da Fala –que máis adiante tivo de se reducir pra ficar no máis curto da Irmandade da Fala, simplemente– escomeza o seu actuare proveitoso. A ela chegan un día e outro, de diversas localidades da terra, peticións de estatutos, demandas de ourentación, adheríndose verbas de alento. A boa semente vai prendendo. En máis de un pobo ándase a se fundaren Irmandades filiales da que na Cruña xurdira como faro lumioso que viña a rachar as mestas somas en que deica entonces, estivera aso-lagada a vida espiritual nosa sen proveito pra ningún e con mingua da súa propia honra.

N-istas condicións, xa en prena sementeira a Irmandade cruñesa pra faguer o que puidera chamárese a súa presentación oficial, orgaiza unha gran xuntanza de irmáns e simpatizantes, asiñalando como punto de reunión o gran piñal de Elviña, nos arredores da Cruña, piñal que fitado ao lonxe semellaba un gran corazón, circunstancia que ate certo punto non deixa de conter certo simbolismo. Tivo lugar o acto, ao que se lle deu o matiz de festa campestre enxebre e fraterna, o domingo, día 2 de xulio de 1916. A ela acudiron a maoría dos irmáns da fala cruñesa e algunchos de fora. Especialmente invitado, fixo acto de presenza na xuntanza o gran poeta Cabanillas, revelado xa tempo había como gran poeta polos seus xurdios libros *Vento Mareiro*, e *Da Terra Asoballada* que viran a luz na Habana nos días de adolescencia en que o gran galego vivía na emigración. A adhesión de Cabanillas primeiro, e dimpóis a súa presenza no acto fraternal, sinxelo, de fonda emoción galeguista conque a Irmandade da Fala cruñesa celebraba o escomezo do seu actuare, do que tantos benefizos terían de se deitare pra a Terra, foi como unha resposta providencial ás liñas conque outro gran galego, Lois Porteiro, por disgracia tan axiña malogrado, fixera manifesta a súa incorporación e suma â iniciativa de Antón Villar Ponte, pódose de camiño á testa da Irmandade compostelán. Eí, en síntesis, o que Porteiro decía: “...nos intres máis críticos de un pobo adoita a aparescere un

home, superior, adocido (malado) de hipertrofia do corazón, que sinte n-el todol-os doores da patria e que unhas vegadas diríxese aos seus con tenrura de pai pra lles pregare que se non deixen ganar pol-a louvanería. E que cando é desouvido daquela ergue a tralla, e manexándoa con dureza, fai que o pobo esperte; mais si non esperta estonces voltará apouvir coa meirande fereza ate abranguer que si a casa arde meterse n'ela pra sacar no colo os que dormen. Entrará ruxindo e aburado pol-as lapras, chegará hastra o berce dos nenos, choutará con eles pol-a fenestra, dará dúas pasadas cego, e morrerá...; pro os nenos viven... o mañá está salvado... Nós temos tamén o noso home. Non é un sabido, é un poeta, un enorme poeta tan grande como Curros e coa ventaxa de qu'os seus versos toman as formas que usan os grandes vates do mundo latino: Guerra Junqueiro, Rubén, D'Annunzio”, e logo engadía compretando ás súas manifestacións: “Cabanillas é o cardíaco que ven a remover (supricando, mallando, escarnecendo) a nosa apatía, a espertarnos do noso sono mortal”. Émolo de pór de testa de iste movemento, que si percisa moito estudo e moito sacrifico, ten as súas raíces no corazón —os versos fortes e altivos e os pianos e amorosos de Cabanillas que todos deitan da mesma fonte— e n'efecto; alí estaba o poeta, o poeta con mayúscula o que tería de levare no adiante o tíduo xustísimo de poeta da raza decidido a actuare no rexurdimento e recreación que as Irmandades da Fala ian a procuraren sin vacilación e sin acougo. Pode decirse que aínda non nadas, as Irmandades tiñan abranguido un rotundo trunfo, iso é non outra cousa supoñía o engadírese do gran poeta á obra de prena regaleguización qu'elas andaban a encetaren.

Mais compre pra non pecar de inxustos, ou polo menos de falla de eixaitude manifestar que aquela incorporación non foi única. Ao mesmo tempo qu'ela o pouco denantes se fixera a incorporación d'aquela inesquecente de que xa falamos algo: a de Lois Porteiro Garea. Con un entusiasmo, con un fervor e unha quentura propios do seu gran corazón e do seu privilexiado cerebro, o mozo Porteiro, profesor de Dereito Civil na Universidade Compostelán ven asiñalando xa nas memorábeis controversias políticas e sociaes do Ateneo madrileño pola súa fonda cultura e pola súa xurdia elocuencia axeitado instrumento d'eispresión daquela cultura non común, e dos primeiros en se sumare á iniciativa de Antón Villar Ponte. Y-eisí os novos hirmandinos contan xa, non soio co gran poeta, sinon tamén co gran ourador tan necesario de cote, un e outro en empresas do xeito da que nos ocupa. Era outro gran trunfo, unha prena e insuperábel adiquisición.

A lingua galega esquecida, eliminada deica estonces casi totalmente da tribúa pubrica —as eiscepcións confirman o noso aserto— alcóntrase, de súpeto,



trocada no verbo d'un auténtico gran ourador. Mais sería inxusto non faguer constar que denantes de Porteiro e como precursores d'él ouradores houbo na Galiza que xa empregaran o idioma vernáculo nos seus discursos, inda que non d'unha maneira interrumpida. A iste respeito xusto e obrigado é lembrar agora a Lugrís Freire —“Aceso verbo da Galeguidade e vontade, aición e pasión”—, como lle chamóu o creador das Irmandades e ao que cabe o grande honor, a outa distinción de merecercer como poucos o dictado de ourador e tribuno galego sen concesión nin renuncios. Como do mesmo xeito non sería lícito silenciar os nomes de Banet Fontenla e Aurelio Ribalta, tamén utilizadores do galego nas súas prédicas, e adheridos dende os pirmeiros intres —outra cousa non podía sere— ao feixo dos bos e xenerosos, ao que as Irmandades deron estado oficial, acrecentando o número dos seus compoñentes e conquerindo espallalo por toda a terra.


Con un camiñar seguro, sin presas, mais con resolución y-eficacia abraiantes, a Irmandade fundada na Cruña colleita froitos a oito. Xurden novas Irmandades. A de Santiago, con Lois Porteiro Garea á súa testa —e isto xa o di todo— realiza unha laboura exemplar. Grupos de irmandinos xurden en poboacións e vilas galegas constituídos en Irmandades ou delegacións das mesmas. Y-en total-as partes hai como un insólito frolescer de xentes movidas por un sano amor a Galiza, que levando a vella e gloriosa lingua da terra como bandeira, se axuntan e dispoñen a participaren na grande obra de recobro da persoalidade rexional, dando remate definitivo a aquel vexetar tristeiro e vergoñoso que for adeica estonces o vivir galego e moi especialmente nos derradeiros tempos. O contacto, a compenetración que un día e outro en total-as localidades galegas, aínda nos máis arredados y-escurecidos recunchos, s'estabresce dende os pirmeiros intres, se non olla trabado por ren. Y-eisí se cita como homes de ideoloxía diversas e aínda opostas, homes das máis fondas diferencias sociaes, políticas, relixiosas, etc., coinciden e fan irmandade, pondo en realización a idea latexante que o eiscepcional vieiro e mestre Castelao eispuxo n'un diseño seu no que aparez un enorme broque de pedra, en ese broque varios homes rubidos en outas escadas traballan arreo cos seus mazos pra arranxalo. O diseño leva ao pé istas liñas: “Non lle poñades chatas á obra namentras non se remata... O que pense que vai mal que traballe, n'ela hai sitio pra todos”. Pol-a terra vai tomando corpo unha estreita, sinxela e rexa solidaridade: a dos bos e xenerosos que pondo a preocupación galega en pirmeiro termo, deixan pra o segundo todas as difrenzas e as vegadas; aínda sin pospoñelas, saben axeitalas pra que se supediten ao encello capital: o recobro íntegro da persoalidade espiritual galega que na lingua vernácula ten a súa eispresión pristina e lexítima.

Na Galiza enteira hai como un se renovare, que ten total-as semellas de unha xurdia primavera anunciadora de magnas colleitas.

Figuras novas, persoalidades deica entón casi esvaidas no monótono decorrer das vellas xornadas inoperantes y-estereis, fan a súa aparición no vasto campo das máis variadas actividades do esprito. Y-en todol-os puntos do ampre solar galaico hai como un abrochar de promesas que, paseniño, perande se trocare en eficaces realidades... Todo semella anunciar o cumprimento das verbas proféticas que o bardo gregorioso, o bardo por antonomasia, Eduardo Pondal, labrara un día no broque indestrutíbel e rexo como o granito da terra, das estrofas do seu himno, a voz dos pinos pondalianos e enxerguida pol-os bos e xenerosos. E istes, os que souperon enxerguela, co seu actuar asiñalan a chegada dos tempos que o numen poético do gran bergantiñán entreollóu nos seus deliquios patriótico-galaicos.

Chega o intre do soerguimento das pirmeiras pubricacións auténtica e tencionadamente galegas. O Boletín, órgano das Irmandades, enceta a súa publicación. Pra títuo dél os seus redactores —eu, un deles— elixen o mesmo que outro boletín literario, de pouca dura, tivera xa. *A Nosa Terra* reaparece. Mais non como n-outroira, apoucada, feble, apenas sin trascendencia. *A Nosa Terra* sale agora ao ar galego, sal á luz ateigada de azos, acugulada de entusiasmos, chea de refusía e de fé. Ven como eispresión dun bon tencionamento e manifestación resolta do pensar de un pequeno grupo; como portavoz arriscado, como órgano baril e outo dunha arela xenerosa e fecunda que anda a s'espallare por todo o chan galego, pra se faguer axiña realidade. “A Bandeira Ergueita” e o títuo do editorial que o novo boletín fai á súa presentación y-eispón o seu programa. A pruma de Antón Villar Ponte escribeuno y-en él aparecen sintetizados os degoiros e propósitos da empresa palinxenésica, redentora, que os bos e xenerosos cobizan levaren adiante e que se acha escomenzada baixo os millores augurios. No adiante as llanas do boletín irmandino son a tribúa axeitada en que, periódicamente, andan a apareceren a rentes das firmas prestixiosas e xa consagradas dos cultivadores da lingua vernácula, os rubros inéditos dos novos valores autóctonos qu'eisí fan a súa profesión de galeguidade, afirmando conceptos co seu fondo amor á terra. Non é mester citar nomes, pois qu'eles están na lembranza de todos. E ademáis eisí s'evita o incurrir en omisións que resultan de cote pouco gratas cando non alritantes e inxustas.

Mais non é soio na *Nosa Terra* onde aparecen, como é natural, traballos en galego da máis varia índole. En outras revistas e xornaes sucede o mesmo. E moitos d'eles son debidos a prumas noveles en trafegos literarios, ou a prumas





xa coñecidas pol-os seus traballos n-un principio, e agora decididas ao cultivo do galego. O actuario das irmandades vai pondo un forte acento de renovación na vella espiritualidade galega. Xa non é un feixe reducido o dos qu'escriben en galego. É un grupo numeroso que cada día se fai meirande. E aquel tempo das prosas feitas en galego, con acento monocorde, repeticións de temas e apelación casi constante a un pintoresquismo rural ou de baixa estofa vai paseniño sendo ultrapasado. Os cultivadores da vella e groriosa lingua, que o Rey Sabio honorou e que foi instrumento axeitado do lirismo peninsuar en intres en que as linguas romances do solar ibérico se achaban aínda en prena formación que agora andan a xurdiren, van con seus traballos abrindo hourizontes amples, perspectivas alongadas e risoñas para o noso idioma tan esquecido e posposto deica estonces polos que se chamaban intelectuaes, y-endexamáis esquecido pol-o auténtico pobo que non sabe de mimetismos desnaturalizadores nin de cursileirías.

N-iste renascere da espiritualidade galega, n-ista como recreacion da ialma galega que a partir do ano 1916 se realiza, un papel importantísimo ocupan as publicacións periódicas. Y-elas mesmas xurdiron a daren enceto â súa laboura, indubidabelmente son, como unha feliz conseqüenza máis a se deitar da obra que as "Irmandades" andan a realizaren. Compre aquí faguer destacar por se tratare de algo que é froito lexítimo do espertar galego que vimos comentando, a aparición do xornal vigués *Galicia*, o pirmeiro xornal enteiramente galego e pra galegos feito que na terra xurde... E xa prescindindo do seu matiz de auténtica galeguidade que a faguía tribúa axeitada do pensar e do querer galegos, feito que por si soio o fai merescedor d'eterna loubanza, antre outras particularidades, dúas tivo que non poden esquecerse e que nós queremos pôr eiquí de releve: unha, a de crebar os vellos e gastados moldes en que a prensa da terra se viñere desenvoltado pra iniciare o emprego de outros novos, máis de acordo coas eisixenzas progresivas e renovadoras que a post-guerra trouxera consigo e qu'equí, na Galiza, se non utilizaban aínda até que o gran xornal vigués as impuxo; outra das aludidas particularidades foi a de pôr remate a aquela especie de vasallaxe colonial que as novas publicacións e os nosos escritores viñan tributando a todo o de fora, pra faguer en troques que as follas impreatadas abrangueran a súa maoría de idade, pensando e faguendo por conta propia, sen mediatizacións nin acatamentos que eran toda unha confesión vergoñosa de minoridade e de falla de capacidade. Eisí, pois, *Galicia*, enceta o vieiro da renovación xornalística da nosa terra, que tan necesaria se faguía. E baixo o seu tíduo, merescedor do posto de honra cando se leve a cabo a verdadeira historia do xornalismo na Galicia, aparecen a cotío os traballos de todo un

feixe d'escritores, algunhos xa ben coñecidos, outros d'aquela debutantes, que ca súa laboura, feita a cotío, nos falan dun xornalismo galego maior d'idade, arredado de tutelas, rexamente independizado e pensando por conta propia.

A benfeitora infruensa que *Galicia* exerce no ámbito galego move a outros xornaes de localidades diversas a se modernizaren. E o que aínda é máis importante, a ofrecere as súas páxinas aos valores positivos, nidamente galegos, que xurden a cotío desenrolando unha laboura auguradora de fecundos e vizosos feitos e realidades.

Cada vegada máis o actuare irmandino se intensifica e prolifica. Saen publicacións novas, se orgaizan conferencias, eisposicións de arte, s'espallan, se imprimen libros. E todo feito na lingua da terra, na gloriosa lingua que cal si espertase de un longo letargo s'espreguiza e da siñaes inequívocas de unha vitalidade capaz de barrere as negruras do máis enrabexado pesimista. Y-é d'aquela cando, sin ningún apartamento da verdade xa se pode berrar outo e coa meirande seguranza que a Galiza sealcontrou a sí mesma, e que a consecoenza de isealcontro ventureiro é o que xa se pode chamar, pol-a súa cantidade e pol-a súa calidade, a xêracion da galeguidade, a xêracion que nós, a imitanza do nome con que se coñece a xurdida na Hespaña a rentes do desastre colonial, desiñamos agora cõ nome de xêracion de 1916, a que sirve de título ao presente discurso.

Como todos sabedes, a que se deu en chamare "Xêneracion do 98" xurde na Hespaña cando ocorre a desfeita que pon remate ao dominio colonial no Ultramar. Tal desastre fai que se deschoan os ollos que non querían fitar, e os intelectuaes, voltando a súa ollada ao chan nativo, pregan e demandan con urxenza a necesidade de un viraxe total nos roteiros da política seguida deica estonces, pra encetar unha política restructora que nos incorporara â Europa, dando esquecemento aos vellos moldes, y-ensaiano outros deica estonces non empregados. Os tronos apocalípticos do gran aragonés Xaquín Costa son a nota sobresainte de tal intre.

De xeito semellante ao que nós chamábamos "Xêracion do 16" xurde na Galiza dimpõis da catástrofe mundial que foi a guerra do catorce pra termar que a nosa terra, recobrando a sí mesma, poidera desempeñar o papel que pol-a súa persoalidade tan acusada e manifesta lle corresponde n-aqueles intres que somellaba que os vellos estados europeos terían de realizaren unha reconstrucción e modernización das súas vellas estruturas tan gastadas e maltreitas. E xurde a dita xêracion como consecoenza e froito inmediato da creación das "Irmandades", xa que denantes da súa feliz creación non eisistía núcleo algún,

e menos de intelectuaes, que tivese ao galego como vehículo preferente cando non eiscrusivo das súas creacións. Y-e a partir do soerguemento das “Irmandades” cando nomes novos â beira de outros xa coñecidos, fan a súa aparición, e cando o galego abrangue un espallamento falado y-escrito como non tivere en ningures, e do que, a outa honra de telo conquerido, pertenesce por enteiro aos que, vellos ou novos, descoñecidos ou non dende estonces souperan, pôr a lingua nativa no lugar de preferenza e destaque que endexamáis deben tere perdido.


Como directrices xeraes que caracterizan â xêración do 16, qu’aínda é a nosa, a que hoxe por fortúa vive puxante e forte máis que nos eidos nativos nas terras de alen-mar, imos asiñalar as seguintes: a convicción, e coa convicción a afirmación rotunda, con total-as consecuencias qu’elas se deitan, de que Galiza ten unha persoalidade viva, singularizada, e necesitada pol-o mesmo, de que se lle non poñan coutamentos ao seu natural e lexítimo desenrolo. E sendo, como é, a línua a máis outa manifestación de tal persoalidade, os que eisí pensan, os da xêración do 16, adican total-as súas preferenzas e anceios, eisí como os seus traballos a conquerir que a lingua recobre o posto qu’en rigor lle pertenesce. E por debaixo d’este postulado que poidéramos chamar fundamental, qu’endiscutibelmente básico siguen outros de carácter pragmático, utilitario, de finalidade práctica, antre os que soerguen con afirmacións imperativas, que queren asiñalaren unha nova estimativa de valores e unha conducta, aqueles outros que din: ausoluta necesidade de viral-as costas ao tópico da supremacía de outras rexións encol da nosa; preocupación pol-o acaroamento espiritual ao país hirmán, ao Portugal, e posta en exercicio dos meios pertinentes pr’a abranguelo, e non esquencer, si non tere mui presente pra proceder en conseqüenza, que nas terras de alen-mar vive unha nova Galiza da que tanto cabe agardare, como xa nos nosos días a realidade ven confirmando felizmente e sin lugar a dúbidas.

A nova Xêración do 16, co pensamento e a yalma postos e adicados enteiramente a Galiza, endereza a súa ollada ceibe deica a Europa e sinte a súa compenetración, a súa afinidade, a súa irmandade con ela. E tenciona e ancea que a terra galega sendo cada vegada máis súa sexa asemade cada vegada máis europeia, sin renunciar por elo a ningunha das súas peculiaridades. Unha rebeldía honrada rexamente sentida contra dos vellos modos, e a que informa todol-os seus actos. Os seus compoñentes queren por riba de todo que a Galiza deixe de sere terra de chorimiqueiros e laios, de xesto resiñado e aitudes conformistas e silandeiras, pra se trocare en país satisfeito de sí mesmo, mais disposto a imprecación que ao prego; mais propicio a eisixenza que a súprica

humildosa e feita en voz baixa e de xoenllos. Os da Xêración do 16 queren unha Galiza enteira que descoñoza o axionllamento e que non seipa de concesión e renuncios vergoñosos cando asístalle o dereito e a razón se ache a carón d'ela. Queren unha Galiza comprensiva, disposta ao diálogo e a conferencia, sempre qu'eles sexan axeitados e non supoñan humillacións ou desigualdades; pero nunca propicia a se dare os tratos cando se non fite con aquela paridade qu'un trato equitativo eisixe e obriga. Saben os do dazaséis que poden seren chafados de fachendosos, de borreantes, de ateigados pol-a soberba; mais lles non importa ren. Eles saben quenes son e a donde van. E por iso mesmo eles saben tamén que aquilo que se lles pode botar á faciana de orgullosos e de máis é froito do abrallamento tan grande que nos alleos tivo de producir e produxo o decatarse da eistencia de un grupo de galegos cada día a medrare máis, que para opinar non piden permiso a ninguén e pra obrar actúan por conta propia, con salvaxe independencia, falando o linguaxe baril e craro dos que, por seren moi seus, se sinten tamén moi fortes. Os da Xêración do 16 prefiren que os eistranos os fiten con sorpresa e aínda si se quer con xenreira, a que, como deica estonces viñera sucedendo con todo o noso, se lles olle compasivamente, cando non con indefrenza e bulra. Non xurden pra buscare aprobacións. Y-en ise senso son rebeldes e non conformistas xa que saben de antemán que o seu xurdimento por forza terá como conseqüenza o esnaquizar e dar en terra con vellos conceptos, con falsos prexuízos, con adulteirados valores, cuios persoeiros serán outros tantos enemigos craros ou ocultos —mais ben esto derradeiro— dos incorporados ou alistados na gran empresa.

Os integradores da Xêración do 16 non son todos eles homes de formación universitaria. Hainos tamén que se forxaron a sí mesmos autodidactas. E hainos, asemade, con formación adequirida nas loitas agrarias, societarias e nas aventuras da emigración. O que sí son todos activos, loitadores, donos de unha fe increbábel e rexa, e que abrangue unha actividade múltiple que os leva a iren sementando as súas ideas, os seus procedimentos e as súas doutrinas no libro, na prensa, na tribúa, n-unha verba, en todol-os campos donde haxa que sachar pra que a idea de unha Galiza recobrada, auténtica e non mediatizada medre e done froitos eficaces e de proveito.

A Xêración do 16 se non viróu de costa como fixo a española do 98 a todo o que lle denantecéu. Contrariamente, recolle o aproveitábel que os homes anteriores lle deixaron —e conta que foi moito— pra lle zugar o máximo de rendimento. E cando non fai isto, pol-o menos garda unha respeitosa lembranza pr'a aqueles homes que movidos de un indiscutíbel tencionamento bon e por un gran amor a Galiza, non souperon, emporiso, faguer que a súa laboura callase



nalgo efectivo e de trascendencia. D'isto se deita que teñan e consideren ao patriarca Murguía como un devanceiro e alumeador eiscelso da recreación galega. Como asinmesmo se tira que todos aqueles patricios qu'en calquer intre probaran a súa galeguidade cando ainda as Irmandades da Fala se non matinaran sexan dos primeiros en porse á beira dos axuntados na gran familia cando o intre irmandino chegou pra arrimaren a súa hobreira â empresa que a todos chamaba e da que ninguén fitaba eiscruído. A iste propósito ven á nosa mente a lembranza inmorredoira de don Florencio Vaamonde, de Carré Aldao, de Lugrís Freire, de Oviedo e Arce, de Ribalta, de Tettamancy, de Rodríguez González (don Eladio) e de tantos outros que souperon seren elementos valiosísimos, exempros vivos de galeguidade, e aleccionadores e compañeiros destacados dos que andaban a fagueren as súas primeiras armas no ample campo do rexurdimento do espírito galego, pol-o que eles arredadamente tanto procuraran.

Craro está que a Xêración do 16 aporta pensamento e actuación de xeitos novos, deica estonces non empregados, e contribuye a unha renovación, en senso modernizador, da lingua, que xurde enriquecida, flexíbel e axeitada pra todol-os trafegos que son adoitados n-un idioma chegado â maturidade. A Xêración do 16 proporciônalle ao galego unha beleza, unha exquisitez i-unha finura que é un categórico mentís pra os que sostiñan que a nosa lingua era inaxeitada pr'a súa utilización como verbo d'un pobo moderno. E por si isto fose pouco, a Xêración do 16 ourenta, inda contra a vountade de algunhos a vida intelectual da Galiza n-un senso novo, deixando dende estonces de sere tributaria do alleo pra se independizare e se faguere súa totalmente. Por ela, pol-a nova xêración se fai máis xeral ao se preocupare pol-os probremas galegos, que son estudiados con agarimo e intrés, termando de atopar pra eles solucións axeitadas capaces de abranguer o arranxamento definitivo.


Na imposibilidade de citar todol-os nomes qu'estonces pasan ao coñecimento públrico faremos mención especial de algunhos destacados, por disgracia xa fora do mundo dos vivos, e cuia lembranza vive e vivirá de cote antre os bos galegos. Dende logo, faguer unha relación pormenorizada de total-as figuras que a partir do xurdimento das Irmandades se presenta e da a coñecere obra en públrico, utilizando sin interrupción a lingua da terra nos seus traballos, sería non soio moi traballoso sinón doado ás inxustizas, e alongaría excesivamente este traballo. Tendo eisí en conta, asiñalaremos somentes unhos cantos, escolmados cuidadosamente, e que ao noso xuízo teñen un outo valor representativo e son de abondo pra probaren o grande siñificativo valor da Xêración do 16.

Mais denantes d'escomenzar a relación que nos propoñemos faguer, com-pre levar a cabo un resume das aitividades varias que, a partir do ano 16 e como conseqüenza da creación das Irmandades se manifestan como xurdios eisponentes da fecunda laboura recreadora qu'estonces s'enceta con meirande éisito, e que xa terá de se continuare ininterrumpidamente.

Inda que de un xeito sumario, falamos denantes da renovación que se iniciara nas pubricacións periódicas, y-en cuia renovación o xornal vigués *Galicia* ten un papel soerguido e guieiro. D'el se pode afirmare, como a millor loubra, que deu en terra con aquel xornalismo provinciano fallo de ideas propias sin arrestos e sempre loado a sumisión e ás inspiracións alleas que deica estonces fora o xornalismo na nosa terra. Outros xornaes, seguindo o ronsel que *Galicia* marca, se remozan con nova savia, que a eles chega en forma de colaboración emprestada por prumas irmandinas e hai un xurdir de revistas que son testemoño elocuente da renovación e modernización que d'aquela se amostan nas nosas pubricacións. Antre elas eis a revista *Nós*, órgao da cultura galega que é, sin hipérbole, a manifestación máis outa da nosa suficienza pra o exercizo das máis ergueitas aitividades do esprito o unha mostra plea da suficienza dos nosos intelectuaes e da incorporación definitiva das nosas letras ao acervo tan rico da cultura europeia ou, como agora se di, da cultura occidental. As páxinas de *Nós* son o lugar de converxenza das máis soerguidas firmas da Galiza e de fora d'ela. Coñecidos nomes extranxeiros pubrican ás vegadas traballos de gran intrés referentes a temas galegos ou que coa Galiza teñen algunha relación. E o mestre do deseño por antonomasia, o inesquecente Castelao, preside aos ilustradores que en *Nós* fan a eisibición das súas produccións. A nosa revista ultrapasa as fronteiras da Galiza, e con ela fon intertroque as máis diversas revistas e pubricacións de España e do estranxeiro.

Faguendo un moi honroso *pendant* con nós as pubricacións do meritorio Seminario de Estudos Galegos, y-especialmente as tiduadas *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* compretan ao cabo do xurdio desenvoltare cultural da Galiza, y-espallan por total-as as partes a admirábel laboura de aquela xêra-ción —a do 16— xurdida a rentes do soerguemento das Irmandades da Fala e como froito d'el, faguendo realidade o arelado frorescemento da nosa renas-cenza na lingua da terra feita, e constituindo a eisxaltación meirande co verbo vernáculo tivo dende os groriosos e tan alonxados días dos cancioneros.

Aquela afirmación grauita e inxusta de que o galego non era lingua axei-tada pra sere eispresión das necesidades e degaros de un pobo moderno fica totalmente desbotada. A obra das Irmandades á vista de todos se acha como un



enorme mentís botado encol dos máis enrabexados sostedores da tesis contraria. Os feitos, a realidade coa súa enorme elocuencia, ben craro o din a todos. A lingua galega deixou de sere lingua eiscrusiva dunha literatura pobre y-escasa en tema pra se trocare en vehículo axeitado do intelecto de unhos homes escolleitos, de unha verdadeira selección, que falando y-escibindo en galego, sentindo moi fondamente o imperativo racial, chegou a sere estimada nos centros máis destacados do saber e da intelixencia mundiaes.

Coa revista *Nós* outras publicacións veñen a suliñaren e a enriquetaren a renascenza galega, sendo como as credenciaes colectivas das da “Xêración do 16”. Por non citare senón as de máis outura i-espallamento, eis algunchos nomes: en pirmeiro lugar *Logos*, boletín católico de Pontevedra, que levando na súa portada a impronta inconfundíbel de Castelao, é dunha eisposición mensual do pensamento ortodoxo galego, na lingua da terra manifestado, y-en cuia eisposición periódica ainda os máis cegos poden decatarse de que hai unha galegitude confesional da que forman parte ilustres e distintos presbíteros, que pol-a súa formación cultural, pol-o seu senso aberto e comprensivo é merescente de figurar a carón de aqueles sectores confesionaes ou católicos europeios que tanto brilan pol-os seus méritos propios.

Eisí, pois, temos de aquela non soio a publicación de tipo netamente cultural e centífico, modelo *Nós* e os *Arquivos*, senón aquelas outras publicacións puramente literarias, como son as revistas de novelas curtas e populares como *Céltiga*, do Ferrol, *Lar*, da Cruña e Santiago, *Libredón* de Santiago e *Galaxia*, de Ourense, nas que dentro de unha composición material realmente digna, se ofrescen ao gran públrico as primicias do talento novelador de moitos novos ao rente dos traballos madurescidos e totalmente logrados de moitos dos nosos homes de letras xa ganados en definitiva pr’a a gran causa da galegitude. Con taes publicacións a nosa lingua se afirma rotundamente aos catro ventos e di a todos de unha lanzalía e unha vizosidade que ninguén, dono do seu pensar, poderá xa negare.

Do mesmo xeito o teatro. Sin descoñecere o moito e bon qu’en tal aspecto se tiña feito. Cántos nomes esgrevios se veñen á lembranza n-iste intre, forzoso e recoñecere que a temática teatral viñera sendo deica o soerguimento das Irmandades casi eiscrusivamente de ambiente campesino e de tendenza social, na que os tipos eran figuras do noso meio aldeán.


Cando as Irmandades xurden, os novos, e ainda os que non eran novos creadores da arte dialogada, se non satisfán cós temas adoitados deica estonces, e sin desbotalos andan a utilizare outros que eisixen meios moi difrentes aos

empregados deica estonces. E con valentía por primeira vegada, ensaian temas de carácter universal, de valor simbólico, ultra-real, dando lugar a produccions meritísimas que si pol-o intre non van a esceia pol-o que sexa, éis os tomos plasmados como eispoñentes reveladores da renascenza de un teatro, o noso, que sin deixar de sere galego xa escomeza a sere universal. E a iste propósito permítasenos faguer a lembranza de soio tres nomes, que ao noso xuizo, son tres probas concruintes do que vimos afirmando: *Alen*, drama de Xaime Quintanilla; *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste, e *Pimpinela*, de Alfonso R. Castelao. Iestas tres obras, coa gran traxedia de carácter histórico y-en verso *O mariscal*, de Cabanillas e Antón Vilar Ponte, son como os fitos saintes de un renascere teatral que acobilla en sí numerosas produccions, algunhas de indiscutíbel valía, suficiente pra que se poida xa soste a realidade dun teatro galego efectivo, aberto a total-as inqedanzas e desacougos que afectan á vida do noso tempo, pro vestido cô ropaxe lingüístico da Galiza que cada vegada se afirma máis.

O teatro galego abrangue estonces preno espallamento. A él contribue a Irmandade da Fala, da Cruña, en primeiro termo, creando dentro do seu seo o Conservatorio do Teatro Galego do que nos compre faguer constar que ven a sere unha sucesión ao longo do tempo de aquela Escola Rexional Dramática, que en Lugrís Freire tivo o seu gran animador e na que escomenzara a súa carreira artística o mozo Bernardo Jambrina, morto en doroso accidente cando escomenzaba a afirmarse como un grande actor hespañol.

“O Conservatorio do Teatro Galego” fai o seu debut coa fermosa comedia *A man de Santiña*, escrita adrede pol-o poeta da raza Ramón Cabanillas, e que obtivo un ruidento éisito no seu estreno. A partir de tal data o cadro de declamación da Irmandade non deixa de aituvar levando a cabo nos meses de inverno unha alongada serie de representacions púbricas no pequeno teatro no seu local social, cuas representacions xentes de tódol-as crases favorecen e siguen con gran interés. Mais o benemérito Conservatorio non se limitou a actuare soio na Cruña. Con gran entusiasmo realizou diversas eiscursions por cidades galegas, levando no seu repertorio numerosas obras de autores da terra daquela xurdidos, e dos que xa denantes, coa súa laboura arredada posibilitaran a plea renascenza da arte dramática galega y-en galego feita, non fallando na lista de obras axeitadas traduccions de relevantes comediógrafos eistranxeiros, principalmente portugueses.

Outros cadros de declamación actúan en difrentes localidades. D’eles o máis destacado é o que tiña por tíduo “Universidade”, formado por valiosos elementos escolares. D’el foi pai e alma o cadeirádego compostelán D.





Armando Cotarelo Valledor, que tanto contribuíu coas súas obras e coa sua actuación a iste despertar brioso da escea galega. Resumindo: en ningures, como d'aquela, o noso teatro tivo un tan grande espallamento e veu a contar con un repertorio tan amplo y-escolleito. A renascenza teatral fíxose estonces un feito evidente que marcha acompasado ao renascere de outras actividades literarias na Galiza desenvoltadas.

Sin chegar a ser tan intenso o desenvolvemento das artes plásticas, tamén en por iso acusan un florecer manifesto. E si asegún moitos, se non pode ainda falar dunha escola de pintura galega, pódese en troques afirmar que ao calor das Irmandades e do ambiente axeito qu'elas arranxan, se dan a coñecer varios pintores orixinaes con unha maneira, unhos temas e unhos coloridos e interpretacións que os fan inconfundíbeis e que obrigan a pensar que non é nin-gunha quimeira adimitir as posibilidades e as probabilidades de xurdimento dunha escola galega de pintura que sexa como o ecoar da persoalidade diferen-zada e inconfundíbel da Galiza renascida. A Irmandade, atenta decote a todas as manifestacións d'efectiva galegitude cede frecuentemente o seu local pr'a a celebración d'eisposicións pictóricas, ou ben apoia outras que en máis amplos salóns teñen lugar. E do seu seio saen conferencistas cuia actuación onde s'eis-poñen contribúe a realzar e prestixiar aquelas festas de arte, dándolles ase-made aquel ton de franca e rexa galegitude que tan ben lles compre e que tanto as beneficia. Do mesmo xeito outras irmandades da Galiza non deixan de realizare unha laboura semella e de outísimo proveito.

Falando do arte, o autor de estas liñas decátase da obriga de adicar unha lembranza afervoadada, fraternamente agarimosa e reverencial ao artista galego por antonomasia vivo decote antramentras a Galiza permaneza, que se chama Afonso Rodríguez Castelao. Nós non pretendemos incruilo na Xêración do 16, xa que de moito denantes Castelao era ventaxosamente coñecido pol-a súa obra insuperábel. Mais si isto non ten volta de folla, nós en por iso cuidamos que é obrigado falar de Castelao cando da Xêración do 16 se trata, xa que, cando ésta xurde, o gran namorado da súa terra é dos pirmeiros a s'enrola-ren na obra reivindicadora, aportando a ela todo aquel fervor galiciano real-mente exemplar que aquela ialma acesa, limpa y-ergueita como poucas, sentía e que axuntado ao gran talento, as dotes excepcionaes de prosista, conversador e conferenciante, fixeron da súa engádega o núcleo dos bos e xenerosos un suceso resoante, do que non tardarían moito en se deitaren conseqüenzas de outo benfizo, de valor inaprezábel pr'a meritísima obra da renascenza da terra. Falar das derivacións e infruxos que a laboura de Castelao ocasionóu no terreo do arte parecéunos innecesario. Á vista e á consideiración de todos se achán

taes derivacións e infruxos. E isto non podía sere doutro xeito habida conta das dimensións estraordinarias do noso artista.

Cando o xurdimento das Irmandades da Fala se efectúa, Castelao, que xa era pai de unha laboura artística de outo e soerguido valor, arrequece a súa produción e, si cabe, a millora. E ao millorala e faguela máis intensa o xenial artista decátase de que dentro dil hai un poder creador que crebando os balados dentro dos que ate estonces vivira se amplifica e dilata. E o noso Castelao xa non é daquela soio o diseñador feliz, saturado de galeguidade cuio lápiz ten nas súas mans meigas un valor de proselitismo e aleccionamento formidabeis, senón que, faguendo irrupción no campo das letras, abrangue aquela categoría de escritor e tribuno coas que a esa personalidade esgrevia se adobia, pra finir convertíndose no home de acción polifacético que aparece colocado por dereito propio no plano outísimo dos auténticos apóstolos e recreadores da renascenza galega.

Castelao, pois, e tendo en conta o que denantes decimos, sin deixar de sere un precursor da galeguidade n-aición e ao mesmo tempo unha derivación nidia e afortunada de aquel ambiente que as Irmandades crean meresce por elo, en xustiza, que se lle considere como unha das máis calificadas persoalidades que integran a que nós chamamos Xêración do 16. Non embargante, o gran artista, esporado pol-o seu exemplar fervor galego, xa se non limita a ser simplemente o que era, senón que ensaia novos vieiros. E o que soio era unha artista inspirado, un mestre eisquisito da liña terá de sere no adiante arqueólogo, historiador afortunado, ensaista fondo e compreto, crítico de arte, conferencista e literato orixinal que xoga á creación de un estilo, no que non se sabe que admirare máis si a limpeza maxistral da súa eispresión, ou emprego depurado da feliz pantasía creadora. Todo aquilo, en suma, que fai da súa obra algo vivo e non superado, cuio recendo e sabor racial a troca en suceso único, dunha importancia eiscepcional.

\* \* \*

Dentro do cadro xeral de actividades a se desenrolaren que a sacudida das irmandades orixina unha hai —a puramente centífica— que se non debe silenciare. A súa persoificación corresponde, por enteiro, ao Seminario de Estudos Galegos. Un fato d'estudantes traballadores, donos de unha cultura non común e de un sentimento de rexa galeguidade, levando ao seu fronte ao moi distinto

cadeirádego da Universidade compostelán don Armando Cotarelo Valledor, dan nacimiento ao Seminario en 1923. A nova institución, coñecidos os seus outros propósitos eisí como o rexo sentimento de galeguidade que os anima, non tarda en abranguer a simpatía e o favor xeral. E son os núcreos dos bos e xenerosos, os compoñentes das irmandades espallados por todo o país e aínda por fora d'el os que l'emprestan o seu apoio, forxando así un ambiente de simpatía e de quentura populares que fai do Seminario n-obstante o seu matiz de centro de outros estudos e labouriosas abogaduras algo que a todos chega ou que, pol-o menos, todos ollan con respecto non adoitado.


Paseniño a xurdia institución vai orgaizando e pondo en práctica as súas tarefas. D'él van saíndo mozos investigadores, especialistas en diversas disciplinas, cultivadores escolleitos das máis opostas variedades científicas que derivando a súa atención e o seu esforzo estudioso deica a peculiaridade galega, con iso van contribuíndo á recreación do feito galego atal e como é, un e inconfundíbel. Cicros de conferencias, lecturas públicas de traballos, exposicións, eiscursións de varios días a difrentes comarcas pra faguere n-elas o estudo total, eisí como as publicacións que pouco a pouco van saíndo. Todo elo feito na lingua nosa, cousa ista que endexamáis se tiña intentado, ben nos autoriza a presentalo como un feito máis dos moi vizosos e trascendentes a que dan lugar o xurdimento das Irmandades coa súa Xêración do 16. E por si fose pouco ao Seminario cábelles a outa distinción de tere probado, con suficienza de abondo, non soio a idoneidade do galego pr'a cenza, sinon tamen a de levar aos ámbitos culturaes de fora d'Hespaña o bon nome da Galiza recaendo pra ela unha considereación que denanteriormente non tivera cando os seus intelectuaes soio falaban en castelán e que adquire de aquela cando os seus homes de letras s'eispresan en galego.

Outras aítividades da personalidade galega abranguen tamén no renascere baril. Non imos a sinalalas, xa que na lembranza de todos están. Cómprenos, únicamente, decire algo, como resume axeitado que remate dignamente iste traballo, de algunhos homes que, ao noso xuízo, son eispoñentes craros e rotundos da valía que a "Xêración do 16" tivo e tén. Deliberadamente non imos a referirnos máis que a unhas cantas figuras —mui poucas pol-o número— xa desaparecidas cuia lembranza vive e vivirá perenne antre nós esporándonos a imitalos e a non aminguar na nosa incondicionalidade á causa xenerosa e benefactora da terra.

Lois Porteiro Garea foi un malogrado. Tivo unha existencia curta. Mais, poren, ela foi suficiente pra dare a todol-os contemporáneos seus a impresión

de vida rica, acubulada de feitos proveitosos, varia e multiforme. D'ela poidera decirse, sen emprego da hipérbole, que tivo total-as características dunha precocidade ben ligrada. E botando man de un símil, até poidera afirmarse que máis que unha xurdia e vizosa primavera chegado ao seu remate cando xa ía a deixare de sere tal, foi unha primavera rematada a plenitude na que con cror se deixaban albiscare xa os froitos óptimos anunciadores de un gran farturento que asín mesmo se adiantaba. Con Lois Porteiro o verbo galego atopa o seu gran artífice. En estreita e rexa conxunción o loitador e o tribuno aparecen irmanados. E cando a chamada da terra atopa a súa eispresión axeitada no libro-manifesto de Antón Villar Ponte *Nuestra afirmación regional*, é Porteiro, o mozo Porteiro dos pirmeiros que, con unha xenerosidade, con un entusiasmo e con unha decisión exemprares, pide que se lle teña en conta xa que a devandita chamada tiña ecoado no seu corazón predispondolle o azo pra a empresa salvadora. A eisistencia de Porteiro, pese a súa brevedade, foi una eisistencia tan proveitosa, tan única que calquera vida normal necesitaría pol-o menos dobre tempo do que tivo o noso Porteiro pra chegar a aquela maturidade e aquela eficacia que hoxe cando a considereamos, nos deslumea e abraia tan xustamente. Sendo casi un neno, Porteiro ingresa na Universidade compostelán pra seguire co meirande éisito os cursos da carreira de Dereito co que non fai máis que repetir os abranguidos perante o bachillerato. Graduado en Dereito coa meirande calificación, Porteiro acorado pol-a falla de recursos fítase obrigado a aceptare a Segredaría dun pequeno concello rural como cousa transitoria. A súa breve estada no agro por forza tivo de sere proveitosa dabondo. Home intelixente, comprensivo, espírito permeábel e asequíbel a todol-os degoiros nobres e a todol-as inquedanzas fecundadas, aquel contacto non longo pro si intenso co meio rural galego debéu contribuir grandemente a forxar o seu temperamento de loitador e a lle imbuir aquel intrés xeneroso e intelixente que fixo d'él un enrabexado e decidido defensor das lexítimas reivindicacións agrarias e un escrarecido e singular portavoz de toda arela nobre e de toda xusta necesidade. Mais era perciso non deterse. Porteiro, sintéu dentro de sí un algo imperioso co empurraba deica diante. Resistilo sería improcedente, e por iso Porteiro deixa a segredaría rural e vai a Madrid. Non-o fai como tantos outros movido pol-o engado da vida cortesán ou movido pol-o afán de conqwerimento dunha sona política ou literaria. Faino pra dare remate axeitado aos seus estudos de leies co compremento do doutorado, pra dimpóis voltar á terra da que él, fidel namorado, se non adoitaría a vivir ausente.

En Madrid a súa vida é unha vida de trafego, de loita, de estudo. Porteiro traballa arreo, xa como xornalista, xa como oficinista. Y-eisí fai paseniño, sorteando



as dificultades, da súa cativreira posición económica. En contacto coa mocidade do seu tempo, Porteiro faise asiduo concurrente ao prestixioso Ateneo d'estonces, en cuia xurdia e acolledora biblioteca atopa campo axeitado pra o cumprimento das súas tarefas escolares. E a convivencia coa xuventude intelectual da docta casa lévano a participar con éxito rotundo en moitas das sonadas controversias que alí tiñan lugar periódicamente, e que foron o punto de arrinque de tantos porvires de proveito e tantas groriosas e ben destacadas traectorias. Como mostra do prestixio tan lexítimo que Porteiro abrangue no meio ateneístico, o máis eisquisito e selecto do vivir madrileño eis unha proba de outísimo valor: dada a súa escasez de cartos, Porteiro non podía faguerse, como era o seu desexo, soio permanente da citada entidade; mail-os que o arrodeaban, decatándose da súa enorme valía, chegada a ocasión souperon honrar a Porteiro prescindindo do reglamento e nomeándoo, por unanimidade, segredario da Sección de Ciencias Morales y Políticas no pirmeiro intre favorábel que pra elo se lles presentóu. Isto da idea crara de como a valía de Porteiro foi recoñecida y-estimada no escolleito centro intelectual que perante longo tempo tanto infruíeu na vida cultural e política de Hespaña. D'estonces data a súa memoria doutoral calificada co meirande galardón, que unánimemente louvaron os xornaes madrileños e que leva por títuo o moi suxestivo de *El sistema parlamentario y el caciquismo*.


Ainda colocado en situación doada pra endereitar con éxito a súa vida en Madrid, Porteiro, ligado fortemente á terra, arela vivamente voltar a ela. E firme n-iste propósito, dimpóis de ganar en rifada oposición unha vacante de auxiliar da Facultade de Dereito de Sant-Yago, torna a Galiza i-en Compostela abre un despacho de abogado pr'a alternar as súas tarefas de tal clas do ensino do Dereito<sup>1</sup>. A súa autuación tanto docente como de profesional da abogacía vaille dando un sólido prestixio. E os éxitos máis rotundos asiñálanse na súa dobre laboura, confirmando eisí a ben ganada sona que en Madrid abranguera co seu actuare en lumiosas confrenzas, algunha das cales –a tiduada “Los municipios”– merescera a honra de sere editada pol-a revista cultural madrileña *La Palabra*, que homes de recoñecida valía e de auténtica autoridade arranxaban.

Poseedor dunhas facultades suasorias eistraordinarias, tras as que se via unha forte cultura e dono dunha figura física atrainte, Porteiro aparece revestido con total-as características que Quintiliano demandaba como indispensabeis pra sere un gran ourador. Y-eisí a súa elocuenza natural, posta ao servicio do meu 1 Nota do editor. Na edición de 1977: “E firme n-iste propósito, dimpóis de ganar en gado pr'a alternar as súas tarefas de tal clas do ensino do Dereito. de Sant-Yago, torna a Galiza y-en Compostela abre despacho de abogado pr'a alternar as súas tarefas de tal clas do ensino do Dereito”. O texto reconstruíuse a partir do mecanoscrito orixinal.

talento e dun espírito cuidadosamente cultivado, dalle a Galiza o gran ourador que a Terra percisaba n-aqueles intres renovadores nos que o chamamento do creador das Irmandades prendía no corazón dos bos e xenerosos entre os cales Lois Porteiro Garea foi un dos máis asiñalados. Pro a *negra sombra* que de cote gravitou encol de nós, murchou as realidades tan ben iniciadas que en Porteiro se abesullaban. E as nosas ledas espranzas en Porteiro afincadas con seguranza xa a súa actuación nol-a daba ficaban esnaquizadas un día mouro do mes de novembro do ano 18, coa morte do loitador aínda mozo, que deixaba após de sí un ronsel de ensiños e o imperativo de unha obriga que por ninguén dono de conscente galeguidade podería sere eiscusado. Aquelas verbas dun loitador, aqueles discursos e confrenzas felizmente conservadas son como un índice lumioso que nol-o amostra e asiñala.

\* \* \*

Antón Lousada Diéguez foi dos primeiros en responder á chamada. Non outra cousa se podía agardar de un home que, como él, nunca se mostrara reacio pra se sumare a calquera causa xusta. E si causas xustas hai, isa de faguer que unha terra esquecida de sí mesma, despersoalizada e aldraxada, volte a ser o que n-outroa foi, non-o pode sere mais. Eisí, dende o primeiro intre, o profesor ourensán enrólase decididamente na meritória e patriótica empresa. O recio tempero de pensador especializado nas outas e sereas especulacións do espírito, acolle con entusiasmo a invitación xenerosa. E crebando aquel desenrolar silandeiro da súa actividade, outa pol-o abandono do anonimato e dispón o azo ben temprado pr'as tarefas de un apostolado, o da Terra, ao que él se sinte atraguido por vocación innata. Lousada Diéguez, o home do sorriso atrainte, eispresión fidel de unha “bonne homie”, decátase do seu deber, e ao cumprimento do mesmo endereita total-as súas aitividades. Vencellado por fortes lazos de amizade ao fato de esgrevios ourensáns que na cidade das Burgas se dan a segundare as tarefas patrióticas encetadas pol-o feixe dos bos e xenerosos da Cruña. Antón Lousada dinamiza e intensifica a súa actuación. E sin descuidar as súas obrigas de guieiro e mestre da xuventude escolar que acude á súa aula de Filosofía de Ourense, primeiro, e máis tarde á de Pontevedra —a onde se traslada voluntariamente— é dos primeiros en sair á praza pública pra contribuir coa súa elocuencia madurescida e coa engádega do seu saber ao espallamento do credo redentor, valéndose do vehículo natural da lingua propia. Home de acción, a súa aitividade se non podía circunscribirse escrusivamente a



utilización da tribúa pública, faguendo apostolado cidadán por cidades, pobos e aldeias. Ela demanda novos campos. Y-eisí atopamos a aquel profesor silandeiro, austero, pouco afecto aos eisibicionismos da praza pública, choutar por riba da súa modestia pra se adentrare no campo do ensaio con preferenza, e redondeare logo o seu tributo xeneroso á lingua vernácula, regalándonos coas súas prosas literarias e humanas, e faguendo verdadeiras páxinas de antoloxía que, pol-a súa orixinalidade e pulcritude, son a revelación evidente de unha figura literaria de pirmeiro orden, por enteiro vencellada á Xêración do 16, e n-ela destacado como un dos seus millores e máis vizosos froitos.

Seguindo a súa marcha, a laboura exemplar de Lousada Diéguez anda a se intensificare. Todol-os bos e xenerosos fitan con ledicia como n-ela se perfila a fasquía dun mestre do que non é aventurado pronosticar un porvir xurdio. Mail-a mala fada, a *negra sombra* que a Porteiro cubrira deixando após dél un ronsel de acedades, se non tiña ainda esmorecido. Ao igual que Porteiro, Lousada Diéguez deixa a nosa compañía cando tanto se agardaba dél. E unha serán tristeira, morriñenta, amasada con sensacións de saudade os que cando a él fixéramos profesión de galeguidade fitamos con door desaparescere as catro táboas que pechaban o seu corpo, antramentras a terra as iba cubrindo mainamente ao igual que unha nai acolle agarimosa no seu colo ao fillo ben querido que dorme.

De Lousada Diéguez non ficaron libros, somentes dous preciosos contos tiduados “Caminantes” e “Amañecer” publicados na recadádiva *Alborada* de Pontevedra, que dirixía aquel outro malogrado Amado Carballo, do que logo imos a falar. A laboura de Lousada Diéguez se acha espallada por revistas, xornaes, discursos, e confrenzas e representada por traballos de toda cras. El foi un dos fundadores da revista *Nós*, dos iniciadores do Seminario de Estudos Galegos e da Coral Polifónica de Pontevedra, cuia presidencia ocupóu, eisí como tivo desempeñado outros cárregos importantes de pública representación. D’él no acto do seu enterramento Antón Villar Ponte dixo: “Que os vermes que han de roer os seus miolos saberán o castigo que merecen por elo: o de se transformaren en vermes de luz...”

\* \* \*


De todas as figuras galegas que a obra das Irmandades fixo públicas, e cuio conxunto nos designamos cō calificativo de Xêración do 16, unha das mais esgrevias e relevantes é a de Xaime Quintanilla. Ben coñecido nos meios escolares

de Sant-Yago, onde fixera con gran aproveitamento a carreira de meiciña, Xaime Quintanilla aínda sin o empuxón da obra galeguizadora que adiantou a data do coñecimento do seu nome, forzosamente houbera destacado, a moito xa que a súa valía, nada vulgar sinón todo o contrario, houbera feito que as olladas se fixasen nél a advertindo que se non trataba de un home vulgar sinón de un home con unha persoalidade pouco adoitada a chamalo, pol-o mesmo, a sobresair por dereito propio sempre e cando a súa maneira, aquela maneira tan dél nono decidire a todo o contrario.

Home de corazón e de sensibilidade exquisita dunha sinceridade non adoitada y-enemigo por temperamento de todo o que recendera a inxustiza, Xaime Quintanilla non vacila en ningures en sumar o seu esforzo e a súa adhesión a toda causa xusta. E non, certamentes, por puro platonismo, sinón faguedo decote con resolución, e sen se preocupare das conseqüenzas, pondo na empresa a que él se sumaba o inesgotábel caudal da súa xenerosidade. Tendo isto en conta, ¿cómo Quintanilla había de desouvir a chamada da terra que, falando pola voz de Antón Villar Ponte, pregábaselle que se lle acorrese nas mágoas que viña padecendo e supricaba dos fillos un esforzo conxunto que a puxese en pranta de recuperación prena? Quintanilla oeu a chamada. E non a oeu con indifrenza. Non podía ouvila. A súa sensibilidade exquisita, hiperes-tesizada, propicia decote a se dare a todas as causas xustas tiña por forza que acoller coa meirande quentura o feridor chamamento. E por iso Quintanilla, foi, como era de lei, un dos primeiros irmandinos. Nono foi pra sere un de tantos, sinón pra sere un verdadeiro guieiro, un mestre, un admirábel aleccionador, dotado como estaba de aquelas condicións que poñen aos escolleitos que as poseen en trance inevitábel de seren máis que pra sí mesmos pra os que vountariamente os van seguindo en progresión á medrare ou acuden no seu proouro atraguidos polo engado daquela estrela que brila na súa fronte e o do cantar que chouta nos seus beizos do que falara o poeta civil da rebeldía ergueita, Manoel Curros Enríquez.

Quintanilla, con aquel súpeto decatarse das cousas que o caracterizaba, fita craro o camiño y-enceta a marcha rotundo e decidido. A súa presenza entre os “bos e xenerosos” asiñálase por un eficaz actuare acugulado de realizacións. A carón dél non hai lecer pra o sesteo nen pra o acougo. Onde él está a inanición fuxe avergoñada. E os intres se suceden, deixando após de sí un ronsel de realizacións, eispoñentes lumiosos da forza creadora que unha vountade humán rexida por un gran corazón e capaz de deitar de sí.

Sen deixar de sere coñecida, nono é emporiso de abondo a persoalidade literaria de Quintanilla. Posibelmente elo sexa debido â gran indifrenza que





este xurdio galego sentía polas adoitadas faramallas da autoridade mundana. Cicáis polo seu carácter enteiro incompatíbel cos aloumiños e os acenos tan axeitados pra o engado e a atracción de amistades e sendo admiradores. Si do gran esteta inglés Rustain se dixo que era de unha franqueza abraiadora e desconcertante, do noso malogrado escritor ben se pode decire outro tanto. E sincero endexamáis sin eisceso, xa que un humanitarismo sen igual o alumeaba. Quintanilla tiña decote un xesto de perdón pra todos os que delinquen empurrados por un impulso que non está neles. E tiña tamén decote un berro condenador pra todo o que tendo unha outa responsabilidade derivada da sinrazón dos absurdos privilexios de casta ou de outra sorte ningunha alegación aminguadora poden amostrar pra os desaforos que son os accidentes únicos, ou casi únicos da súa vida. Coidamos dito de abondo o antecedente do home. Imos a falar agora, brevemente, do escritor, aspecto iste que ben merescedor é que se destaque por sere de estricta xustiza.

Dentro dos da Xêración que vimos historiando iste escritor se presenta con unha laboura d'eisquisita calidade. Amóstrase con unha produción que, si reducida en número, ten un outo valor estético. Aprobalo eisí están os traballos que dél conservamos, algún non imprentado. Quintanilla non foi esprito vencellado a unha soia aitividade. O seu desacougo innato, o seu afán esculcador e os seus anceios ergueitos e de fondo humanitarismo puxeron a proba aquel dinamismo do seu esprito, faguendo dél destacado conferenciante rexo e eloquente orador, ensaísta, escritor teatral e xornalista.

Dél hai unha comedia de fondas inquedanzas espirituales, saudade, na que calquera pode apreciar que garda certo parentesco con aquelas sonadas producións dramáticas, chamadas de "interior", debidas á pruma do gran escritor belga Maeterlinck. Trátase dunha comedia cuíos personaxes son espiritistas e que se desenrola toda ela nun ambiente de gran metrópoli, i-en cuia comedia é o *ne quid nimis* da obra. O galego en que está escrita é un galego escolleito, sonoro, revelador elocuente da idoneidade da nosa lingua pra traballos literarios da meirande importancia. Con esta comedia a dramática galega deixa de ser arte posto ao servizo do pintoresco e anecdótico, obrigado a un reducido espallamento dentro do área rexional, pra se trocare en manifestación artística ample de carácter e de posibilidades universales.

Con *Alén* o seu autor asiñala todo un novo camiño a seguir por aqueles dos nosos escritores teatrales que deveñen un pouco convencidos de que n-eles hai folgos de abondo pra deixar de sere os eternos refrexadores dun localismo sin trascendencia e os perpetuos trabucarios de unha temática invariábel. O autor

de *Alén* aparece daquela na súa obra, como foi decote noutras aitividades, o espírito inqueda, arriscado e selecto, tituado por propio degaro máis alá no non adoitado i-ensaiado aínda. Amóstrase como un espírito ateigado de valentía que sabe situárese resoltamente nos lugares máis afoutos de toda empresa pra, dende alí, cumprir millor os seus propósitos. Nós estimamos que ista delicada comedia pol-o seu tencionamento, pol-o seu espírito e pol-o seu desenrolo sin esquecer o linguaxe empregado ben conquerido ten un posto de honor no teatro da Xêración a que vimos faguendo referencia.

Ao par d'ela outra comedia dramática hai do mesmo autor, comedia de Gran Guignol, que leva por tíduo *Donosiña* e que foi estreada no Ferrol por un mañífico cadro de decramación abranguendo a quente aprobación do púbrico. Tamén ista comedia —que non chegou a sere imprentada, inda que se conserva o orixinal— é algo novo nos anales da dramática galega, como *Alén*. Ela é ase-made un xurdio alegato probatorio do axeitamento da nosa lingua pra o teatro de gran empuxe. Y-e tamén unha indiscutíbel mostra do talento eiscepcional que tiña o malogrado escritor coruñés de que tanto cabía agardare.

E non soio no campo da escea sinón noutras manifestacións literarias o inesquecente escritor a que nos vimos referindo amostróu cumpridamente a súa valía. Eisí por exemplo, a pequena e primorosa novela *Saudade* conque se encetóu a editorial Céltica do Ferrol e da que o autor distas liñas foi un dos arranxadores e directores, con toda craridade deixa abesullar a eisistencia dun cultivador eisquisito da lingua da Terra e un creador de páxinas merescentes do loureiro da conservación nunha recadádiva antolóxica e ben depurada.

E denantes de por remate a istes treitos evocadores do autor de *Alén*, forza é manifestar como él, levado de unha paisión fondamente sentida pola música non soio pronuncióu en diversos sitios conferencias relacionadas coa arte musical, sinón que da súa pruma sortiron traballos de crítica referentes á mesma arte, que sinón foron únicos, foron polomenos dos moi contados que na nosa lingua fitaron a luz e chegaron ao grande púbrico.

\* \* \*

Falamos máis atrás dun renovárese da prensa galega que o xurdimento das Irmandades motivóu. Daquela foron varios os xornalistas noveles ou pouco coñecidos deica estonces, que se revelan como realidades integradoras dun xornalismo feito en galego, y-en galego sentido rexamente que ven, pra ledicia

e benfizo da Terra, a compretar o cadro de actividades compoñentes daquel xurdio despertar galego semellante a unha alborada de gloria. Entre os revelados estonces cómprenos lembrar a Roberto Blanco Torres. Faguelo é de evidente xustiza.

Feito na emigración, fasquiado por campañas xenerosas de enaltecimento da Terra ausente e da defensa dos intereses nativos, dimpóis de xornadas arumadas co recendo da bohemia tropical, empurrado pola chamada da Terra que o desacouga e turra dél impôndolle a volta, Blanco Torres un bon día pisa de novo o chan galego, sin amostrar no seu perxeño físico nin moral a máis cativreira manifestación de tributo ao trópico. Galego como foi, galego volta. E non de outro xeito podrá sere sendo, como era Blanco Torres, dono de unha persoalidade relevante e non doada as desfiguracións. A súa chegada coincide cō intre en que a eisistencia dos “bos e xenerosos” é un feito feliz. Tal circunstancia o sitúa inmediatamente entre eles. Dimpóis a súa simpatía non doadamente superada, o seu talento indiscutíbel e a súa mestría no manexo da pruma fan todo o demáis. Adicado ás tarefas do xornalismo o froito cuotidiano da súa laboura vaise emboreando en difrentes xornaes da Terra ou en publicacións que nela fitan a luz, y-eisí como noutras de América. Y-en todo intre os traballos de Blanco Torres andan a daren a nota de honrada sinceridade, de rexa contesura, de solvencia cultural e de fera independencia. Por todo isto se enfoca deica él a simpatía unánime dos inaxeitados a aquel actuar resiñado, tunido, propicio á gabanza e ao silencio que constituía, con honrosas eiscepcións características usual dunha prensa –a galega– decote predisposta a acatare, como artigo de fe, todo o que nos xornaes e revistas madrileñas se decía. Blanco Torres aparece entón como un persoeiro lexítimo da disconformidade conscente e razonada. É un novo voceiro daquela Galiza a rexurdire que paseniño ia avantando. E que ao avantare tripaba prexuízos, desbotaba compromisos inconfesabeis, desprezando posicións sumisas e pouco dignas, pra se amostrare emancipada de vergoñosas tutelares e na prenitude total do ceibo exercizo das súas disposicións e posibilidades.

Dono dun estilo perciso, craro, no que a cursileiría e a pedantería non achaban cabida, Blanco Torres se non puido manter estrictamente dentro dos lindeiros de aquel exemplar xornalismo profesional que iba paseniño creándose polos homes da galegitude. As súas inquedanzas, inquedanzas de esprito superior, desacougos de escolleito, lle pedían máis. E ista é a razón das súas felices saídas ao campo do amorío e da poesía con dous libros que hoxe son a evidente comprobación do valor que se acochaba dentro de aquel xurdio

e valente xornalista desaparecido infortuadamente cando os froitos vizosos da súa preparación e do seu talento escomenzaban a chegaren a todos.

Sempre que de xornalismo maior se fale, o nome de Blanco Torres xurdirá como un dos máis soerguidos polo seu persoal y-escolleito estilo de trazos vigorosos, non doadamente confundíbel e tan axeitado decote pra o axustado comentario voandeiro do acontecemento cuotidian que é, en fin de contas, a minsión por escelenza do xornalismo verdadeiramente tal.

\* \* \*

Proseguindo nista evocación sucinta dalgunhas figuras xurdidias ao calor da renovación iniciada polas “Irmandades da Fala” ven a nós a lembranza dunha figura senlleira: a de Xohán Vicente Viqueira. De poucos como do que eisí se chamóu en vida se poderán amostrar nunha xeira tan relativamente curta como foi a súa eisistenza, unha cantidade tal de merescimentos de pirmeira cras. E de poucos asemade, se poderá decir con maior eisactitude co seu final prematuro foi o súpeto crebarse dun ronsel de belidas realidades, apenas nadas cando xa esvaídas e trocadas en relembrs saudosos que hoxe, ao se reviviren, nos fan decatar da forte valía e da outa siñificación que o nome inesquecente de Xohán Vicente Viqueira ten non soio dentro da Xêración do 16 concretamente, sinón tamén no acervo xeral da cultura peninsuar.

Aquela persoalidade físicamente deble que era o mestre Viquiera, non tardóu en se destacare como poucas, dentro e fora da nosa terra, pola súa categoría eiselsa, até o punto de parecernos hoxe como un cumio ergueito do pensamento galego, que a puxanta renascenza lingüística y-espiritual operada pol-as Irmandades fixo sobresair e pór en pirmeiro plano, constatando inda que o caso fora único—e por fortuna nono foi— a eficacia da laboura un día encetada pol-os bos e xenerosos cando soio por ela se faguía posíbel o xurdimento dunha mentalidade cal a do malogrado profesor de Filosofía.

Viqueira non foi popular en certo senso. Non podía selo. Como non o son, polo xeral, aqueles espritos esgrevios que adican as súas aitividades a determiñadas disciplinas do intelecto, a actividades que se producen lonxe da praza púbrica, e cuio coñecimento soio é dado abranguer a aqueles que en virtude dunha autoeducación axeitada chegan a seren donos dun gostar refinado que lles permite paladear as satisfaccións máis finas e aprezadas meles do espírito. Mais, emporiso, o feito mesmo, no caso que nos ocupa, de que él levado de un

auténtico sentimento racial, empurrado polo imperativo da súa desbordante galeguidade, tivese a decisión, posta inmediatamente en práctica, de alternar os seus trafegos de pensador e home de estudos e creación, cos de actuante na tarefa altruista de lle dar á terra unha concenza de seu que viña moi esmorecida de atrás, foi máis que suficiente pra que o seu nome chegara a sere repetido con unción, con agradecimento e con agarimo fraternal pol-os que aínda sin o arranxamento necesario pra enxerguer ao Viqueira pensador e filósofo de outura, craramente abesullaban nél ao home de estudo que sabía acaroarse ao pobo e procurar a compañía dos humildes, dos indoctos, dos fallos de patrimonio cultural para aleccionalos, servíndolles de guieiro e póndose acarón deles para sere un compañeiro máis na loita digna e imprescindíbel. Y-e por iso polo que aquel home tan humán, tan leadosamente humán sin renunciar ás súas devocións máis caras, sin deixar de sere home de cátedra, de labouratorio, de seminario puido ser elemento vital nos actos de propagandas populares: os mitins, as confrenzas, os artigos xornalísticos, a intervención persoal en directivas o asesoramentos. E por iso Viqueira, que polo matiz dos seus traballos, pola índole das súas especialidades non houbera chegado ao pobo, á masa que non sabe de refinamentos nin de elucubracións do espírito, e que soio pode decatarse doadamente de aquilo no que ela coída fitar algo que lle intresa moito, tivo de chegar a todo, aínda aos máis modestos –referímonos, craro está, aos acesos pola chama da galeguidade– cando fitaron nél ao intelectual que abandoando as súas torres de marfín sabía sere humán denantes que nada pra procedere en conseqüenza. Eisí diste xeito, o nado pra profesor, o revelado como espírito selecto puido abranguer que acarón das loubanzas xustas dos intelectuaes se ergueran máis quentes aínda, máis agarimosas si cabe as dos anónimos que aburados polo fogo da galeguidade, neles brotado instintivamente, souperon de aquela, cando o seu pasamento, e saben agora manter viva a lembranza do malogrado mestre: mestre dobreemente, pola súa coñecencia en outas e non adoitadas disciplinas do intelecto e pol-a súa exemplar cidadanía, acretada en todo intre con probas concruintes a todos craras e manifestas.


Alma de neno e corazón de home, todo alateaxar na envolvura feble dun corpo acorado por unha doenza impracábel, era aquel que un día, no abrente da súa mocidade abranguera a moi outa honra de ser discípulo predilecto dun vedraño verdadeiro “specimen” da óptica máis depurada, que a tantos cerebros privilexiados alumeara e que en vida –nunha vida limpa sinxela e fecunda como poucas– se chamara don Francisco Giner de los Ríos. Do mestre insigne, o discípulo recibira o concepto optimista e san da vida, que faguía de Viqueira un home aberto a todo, afábel, que asoballado pol-as mágoas físicas do seu

corpo endeble a elas sabía sobreporse acochándoo baixo o aloumiño atrainte do seu sorriso de home intelixente e bon.

Home nado na cidade, a feliz circunstancia de tere residido longas tempadas nas mariñas betanceiras dende moi neno infruíu fundamente no seu azo. En contacto co agro, Viqueira, alma sensíbel e aberta a total-as impresións, soupo impregnarse da máis pura galeguidade até o punto de sentire e faguere súas aquelas inquedanzas e degoiros que latexaban no ambiente en que se movía cando andaba a pasare as súas alongadas xeiras no campo. Y-eisí o seu espírito, sin deixare de ser cosmopolita, puido ser ao mesmo tempo un espírito neta e nididamente enxebre. Por tal circunstancia, non podía permanescere indiferente cando a chamada dos bos e xenerosos ecoou nél, determinando a súa incorporación incondicional á tarefa salvadora que as Irmandades da Fala encetaran co millor éisito.

Daquela o nome de Viqueira que escomeza a soar como o de un enxebre máis, xa que como home de estudo, como profesional e tratadista de cunstiós filosóficas, o seu nome abranguera nos outos circos aquela consideiración que con toda xustiza lle fixera sere pensionado diferentes vegadas pra participar en cursos ampriatorios de disciplinas filosóficas dados en sonadas e diversas Universidades europeas, tal a Sorbona de París e as de Berlín, Leipzig, Gottinga en Alemania, baixo a dirección dos máis outos prestixios universitarios de aquela Europa cuio tíduo de guieiro ainda ninguén se afiuzara a disputarlle.

Cando Viqueira decide a estabilización da súa vida, resolve tomar como punto de residencia a terra por él tan amada. E non, certamente, pra vexetar nela cómodamente, sinón pra lle dar a frol dos seus esforzos e pra lle ofrendar as primicias do seu talento, que xa se tivera manifestado como algo superior e doado, pol-o mesmo pra o conqwerimento dos meirandes trunfos en cantas ocasións se presentaran. Recén chegado a Santiago pra desempeñar a cadeira de Filosofía no seu Instituto de 2º ensino, chega a conocenza dél a nova da actuación das Irmandades. E sin vacilacións, resoltamente, Viqueira se inscribe na de Santiago. O seu actuar como militante da galeguidade ten inicio daquela. Sendo estonces cando a todolos compoñentes da gran familia dos bos e xenerosos, chega a nova de que hai un irmán máis, de relevante prestixio, disposto a pór incondicionalmente a súa valía ao servizo da Terra. Como eisí resulta no efecto. Viqueira, establecidos os indispensables contactos e traballos os pirmeiros coñecimentos escomeza a súa laboura de escritor en galego. En *A Nosa Terra* y-en outras publicacións aparecen co seu rubro traballos lumiosos que manifestan a súa valía e poñen en outo a calidade do seu intelecto de mestre e guieiro esgrevio.



Pese ao curto da súa vida, 38 anos, e ás mágoas físicas que o asoballaron casi de cote, lle non dando apenas acougo antramentras vivéu, puido Viqueira deixar apés de sí como un herdo grorioso, unha obra sinón eistensa, dende logo intensa, fonda e variada. Confrenzas, artigos doctrinaes, ensaios, temas pedagóxicos, lingüísticos, traducións, composicións poéticas, de todo o que hai como unha escolma finamente ourentada e belidamente imprentada pola benemérita editorial Nós, que Ramón María Tenreiro prologóu, e que unhos cantos amigos e admiradores sufragamos como homenaxe dino a aquel que súpetamente pasóu entre nos, deixándonos encadeados ao seu recordo. Compoñen a recolleita ensaios filosóficos encol da vida, encol do valor da Filosofía, da Relixión da Galiza, da súa arte, do seu idioma, de ortografía galega; poesías e traducións dos Idilios de Teócrito, vertidos directamente do grego. E isto pol-o que se refire á lingua galega, xa que en castelán Viqueira nos legóu multitude de traballos, principalmente filosóficos e pedagóxicos en revistas de outo valor. Algunhas como a chamada *Archivos de Neurobiología*, na que somentes colaboraban os nove ou dez biólogos e psicólogos de mentalidade europea que se poden citaren na Hespaña: Cajal, Turró, Lafora, Simarro, Ortega e Gasset, e os dous galegos Viqueira e Nóvoa Santos, tan prematuramente desaparecidos. E legóunos asemade, libros e folletos como *Kant y la Escuela Filosófica de Marburgo*, *Psicología Pedagógica. Forma y color en el dibujo infantil*, *Una traducción con notas de la historia de la Filosofía de Vorlaender*, da que Eugenio D'Ors coa súa autoridade decindo do mesmo Viqueira: “un manualillo de Psicología que Viqueira nos dio es también excelente. Y me interesaban todavía más las investigaciones de Filosofía musical últimamente emprendidas por él, en el retiro del Instituto gallego, donde profesaba. Y que con sólo haber comenzado ya justifican las palabras escritas ahora, en la infausta ocasión de la muerte, por una simpática revista de allí: «Galicia pierde su más alto valor espiritual»”.

Dimpóis da súa morte, a coñecida editorial Labor honoróu a súa memoria publicando *Psicología Contemporánea*, obra póstuma saída da pruma do malogado filósofo enxebre Johán Vicente Viqueira.

\* \* \*

Ainda con sere tan acusado como foi o infruxo da actuación irmandiña en total-as manifestacións da vida espiritual da Galiza, hai nela unha parcela, un anaco no que tal infruxo foi en verdade decisivo. Referímonos ao correspondente

á poesía. A sacudida da sensibilidade galega, que a práctica escomenzada e proseguida xa, da lingua vernácula determinara, ben se manifestou nos asiñalados co lampo da inspiración. Hai daquela como un frolescer de poetas mozos que orixinan, sin que isto queira decir esquecemento dos vellos mestres, unha poesía deica estonces non gustada antre nos. Que dan lugar a unha poesía pola que o Parnaso galego —endexamáis probe e despreciábel— andaba a se emparellare cos máis avanzados da Europa e de fora dela. Ate tal punto que si de moito tempo atrás non estivese ben desmentida aquela falsa e malévola afirmación de Lope de Vega “Galicia nunca fértil en poetas” abundaría voltar a ollada ao tempo das Irmandades e seguintes pra soster con pleo convencimento que o crima espiritual da Galiza e quizáis ainda o material, eran axeitados, como poucos e siguen sendo pra o xurdimento e desenrolo da inspiración poética, especialmente na faceta lírica.

Sendo moitos os nomes que veñen ao noso relembro, todos meritorios, todos dignos loubra, soio himos a ocuparnos de dous concretamente, Manuel Antonio e Lois Amado Carballo. Un e outro son revelacións xurdias, e isponentes admirábeis de inspiración racial. O primeiro no tempo, Manuel Antonio, adiréuse á laboura irmandina con un entusiasmo, con un fervor, con unha quentura propia da súa ialma sinxela, incompatíbel cos recunchos e as direccións tortas. E por iso, ao dar o seu nome, él deu asemade todol-os propósitos e todol-os tencionamentos que acochaban no seu vivir, pondo a disposición da Terra a súa vountade enteira e ofrendándolle, sin limitacións e sin reservas, os esforzos que dél puideran soerguer.

O seu debut como poeta é unha revelación admirábel do seu carácter enteiro e sin debilidades. Foi como siguen: na dirección de *A Nosa Terra* recibéuse unha carta acompañada dunha quartela na que aparecían escritos unhos versos extraños. A carta, ateigada de enteiraza, viña a sere como a presentación daqueles versos raros aos que, por adiantado o seu autor supoñía condenados ao paxe dos papéis rachados, pro que él afirmaba, pese a todo o que con eles puidera acontecer, que non estaban mal feitos e que por iso non percisaban da benevolenza de ninguén. Os versos, n-efecto, non podían ser desbotados. Soaban a cousa nova e merescentes pol-o mesmo de unha franca acollida. Y-eisí foi. Os versos fitaron a luz en *A Nosa Terra* acompañados dunhas liñas que Antón Villar Ponte lles puxo ao pé en xeito de loubanza sincera. Eles foron os pirmeiros renglóns curtos que o autor de *Catro a catro* dou a luz. Y-eles foron, pol-o mesmo, o punto de arrinque dunha vocación poética que de vulgar non tivo ren e que dou ao movemento poético da Galiza unha face nova en un ar de novidade y-europeismo deica entón casi inédito. Con Manuel Antonio o





“creacionismo” fixo niño no Parnaso galego”. E con Manuel Antonio o sentimento do mar fica definitivamente incorporado á poesía galega, cumpríndose eisí, en parte, o que un día lle dixera Xohán Vicente Viqueira, o noso filósofo malogrado: “Con vostede nascéu o enxebre poeta do mar”. Mail-o poeta de Asados (Rianxo), nome do lugar do seu nascimento, era aqueles dos que Plauto decía que por seren predilectos dos deuses non abranguen a ultrapasaren os lindeiros da mocidade. Y-eisí a vida deixou a Manuel Antonio cando máis se agardaba dél. Non sin que por iso nos privara dun valioso legado de impresións belidas e requintadas por él zugasadas nos seus contactos “co monstro da respiración desacougada”, como alguén chamóu ao mar e qué l soupo eternizare do arte lírico enriqueitado coa vestidura, como poucas axeitada da lingua galaica.

Predilecto tamén dos deuses, como o poeta rianxeiro Manuel Antonio do que findamos de faguer unha breve referencia, Lois Amado Carballo tivo un vivir curto e que, pese a isto, foi dabondo pra deixar no ambiente espiritual da Galiza un relembro inesquecente da súa persoalidade eisquisita, dotada dunha eistraordinaria sensibilidade poética chamada a grandes empresas, e que unha mala fada crebóu no intre en que un ronsel lumioso de grandes realizacións andaba a se iniciare.

Amado Carballo enceta a súa laboura na lingua de Castela cando aínda era un neno. Mais a chamada dos bos e xenerosos non tardóu en ecoar dentro dél como fixera con outros escolleitos. Dese xeito deu escomenzo a unha laboura literaria nada baixo as máis ledas espranzas. A unha laboura que, dende o seu punto de arrinque, ten xa toda a prestancia, toda a efectiva realidade de un faguer de mestre pra o que os primeiros pasos do seu camiñar literario son xa os pasos firmes do consagrado, que por don especial non soupo de aprendizaxes e tivo en todo intre aquelas características de plea maturidade que soio os excepcionaes abranguen sin pasar polos balbuceios e as vacilacións, trámites adoitados na maoría das formacións literarias.


Como Manuel Antonio Amado Carballo se pode decire que foi nado levando na fronte aquela estrela e no bico aquel cantar do que nos falara Curros, o rebelde Curros referíndose á mocidade. Cal si a doenza fatal que acechaba no seu feble corpo de adolescente, o apremiara a non deterse pra que as xornadas curtas do seu vivir se non desaproveitaran. Amado Carballo se nos amostra dende un escomezo xa plenamente feito. Por tal circunstanza dél pódese decire que, pese a brevedade do seu vivir, deixou após de sí unha obra que no reducida é un reflexo da súa eisistencia, ela ten, en troques, unha consistenza, unha maturidade tal que soio a forza do tempo na maoría dos casos outros poden conseguire.

*O galo e Proel* son os froitos vizosos daquela precocidade artística en Amado Carballo encarnada e feita milagrosa frol de realización. Os dous libros constitúen un exponente singular daquela natureza eisquisita súpeta do seu durar como un lóstrego que nun intre nos abraiou coa súa craridade pra ficar bruscamamente esvaída cando aínda a sorpresa anda a nos atafegar. A acarón daqueles libros, belidas mostras dunha inspiración poética tallada no seu abrente lumioso, achan os testemuños indiscutíbeis de páxinas acubuladas de poesía, y-en vixosa prosa galega feitas, e da que a excelente noveliña curta *Os probes de Deus* é a mostra máis destacada e conruinte. E isto porque xa nela a lingua nosa se amostra agobiada con todo o engado, con toda adozura, con toda a delicadeza e maestría propias de páxinas antolóxicas nas que un intelixente criterio escolmador tivera posto a súa sinal.

Somentes coa obra de Manuel Antonio e de Amado Carballo noustante a súa redución, aínda que non houbese, como por fortúa hai outros poetas xurdidos pol-o abalamento que motivou o rexo actuar irmandino xa se podería decir dél que tivo virtude suficiente pra que no adiante se poida falar dunha poesía galega moderna, incorporada con toda xustiza ao fecundo xurdir das manifestacións poéticas que hoxe frolescen ou frolesciron pola Europa adiante. E isto sin máis, engadido ao feito singular de tere producido as outras figuras de que faguemos lembranza especial nas liñas denanteriores, xa sería dabondo para que a laboura realizada pol-as Irmandades tivese aquel cariz de algo relevante, de importancia capital, de trascendencia innegábel que fai de tal laboura un acontecemento cumio na desenveltárese da persoalidade espiritual galega a todo iso. E suficiente dabondo pra que a data na que as Irmandades diron a luz leva a considerárese como unha efemérides groriosísima, cuio infruxo pesará decote nas tarefas recreadoras e recobradoras que a Galiza poida levar aínda acabo pra abranguer o seu preno rexurdimento e a súa cabal afirmación...

\* \* \*

Chegamos, pois, ao remate do noso traballo. Mais denantes de findalo nós ceibamos a ollada por riba do mar pra pousala nas terras do alén onde a laboura fecunda da galeguización, que o inesquecente Castelao intensificara como ninguén, se acha oxo en prena realización... E nos fitamos con ledicia a aquelas terras, especialmente ás arxentinas e uruguaias, onde a forza eispan-siva do actuar irmandino se acha hoxe no seu apoxeo. E abesullando por encol



das augas que percorren os camiños innumerabeis de que falou o poeta, a nosa ollada fita a unha Galiza ultramarina, que agora cómprenos saudar con emoción e gratitude, traballando arreo, intelixentemente, febrilmente, ateigada de fe e acubulada de lóxicas esperanzas, pra arranxare aquel intre feliz do reconquerimento. Pra faguer realidade viva, operante e fecunda, aquel intre inigualábel no que terá de faguerse carne de realidades o sono que un día nos revelara o bardo Pondal cando dixo:

A luz virá pra a caduca Iberia  
dos fillos de Breogán.

Resposta do excelentísimo señor don  
**Ramón Cabanillas Enríquez**





## Señores Académicos:

Cando soupen que Ramón Villar Ponte, o meu caro e vello amigo tiña sido elexido académico numerario da nosa Corporación, a cuia elección contribuíñ c-o meu sincero e entusiasta voto, podedes crer que tiven unha das ledicias máis grandes da miña vida. Ó fin, o bo e xeneroso Ramón terá unha cadeira n-esta Academia dos nosos amores –penséi–, el que tanto e tanto loitou pol-o bon nome de Galicia c-o seu labor de esquirtor, de xornalista e ás veces de orador nas assembleas ou nos mítins que reclamaban a súa presenza esgrevia.

A Academia, c-o seu nomeamento, premiaba unha existencia adicada por enteiro á nosa terra, e facíao no intre que máis doado lle fora. Facíase así xusticia e dáballe ó apelido Villar Ponte unha continuación efectiva e persoal nas fías corporativas. Porque non hai que esquencer que este apelido, tan importante no renacemento da personalidade galega por habelo levado o seu ilustre irmán Antonio, estaba xa consagrado ante os altares nos que comungan os que aman de veras á Terra e están sempre dispostos ó sacrificio por servila.

Foi n-ese instre en que tiven coñecimento da elección de Ramón Villar Ponte pra numerario d-este rexio Instituto, cando de novo pero con máis forza acudiron á miña mente os recordos que d-el teño, todol-os recordos que nas horas tristes nos fan resistir a saudade, mais que tamén nos dan forza pra non caer na pesadume do ben perdido e desbotar d-un non sin resistencia o que si n-un principio foi axeitada frase logo convirtíuse n-un tópico, como ocorre sempre, e que afirma que todo tempo pasado foi millor. Pero como digo, os tópicos nacen d-unha frase moitas veces máis afortunada pol-a súa exaititude que pol-o que sinifican, que é cuasi sempre dooroso...

Si eu fose un home que non coñecese ben a Ramón Villar Ponte como o coñezo, quizaves diría máis cousas d-el das que vou decir agora. Entón pescudaría os datos todos referentes á súa personalidade, non deixaría ningún por

nimio que me parecera. Pero non é así e guíome soio pol-a memoria e tamén, todo hai que decilo, en que Ramón, o meu entranabre Ramón, o amigo das horas groriosas y-o das tristes e acedas, o das campañas arreo pol-o trunfo do galeguismo en todal-as esferas do país, o que non esvaíu nunca no seu entusiasmo contaxiante terá que persoarme si é que non acerto a dar o tono ou a percisar ben o que Galicia lle debe e o que sinifica él para Galicia.

Dende logo pódese trazar antes de proseguir falando a ficha cuasi telegráfica do noso novo confrade: Nacéu en Viveiro no 1891. Licenciouse en Filosofía e Letras (Seición de Letras) na Universidade Central. É un magnífico literato. Escribéu en galego a maioría das súas produccions. Destacan os seus libros *Doctrina gallega*, *Historia sintética de Galiza* e outros. Foi membro numerario do desaparecido Seminario de Estudos Galegos. A súa labor como xornalista é interesante. Dirixiu *El Correo Gallego*, de Ferrol, e a revista *A Nosa Terra*, tan cara a moitos por non decir a todos os que me están escoitando. Actualmente colabora en importantes publicacións, especialmente nas dos nosos conterráneos de América. Foi laureado en diversos certames literarios, entre outros o promovido pol-o Centro Gallego de Madrid respeito de Vicetto, e no de Noya por un estudo sobre don Eladio Oviedo e Arce, aquel gran galego que tanto colaborou co-as Irmandades da Fala. Ten unha bondade inxénita e, por ende, un corazón tan grande que non lle cabe no peito.

Ó chegar aquí debería poñer punto final e erguer os ollos pra quizaves merecer a vosa aprobación, que estou seguro que tería, porque n-esa ficha está condensada a personalidade esgrevia de Ramón Ponte Villar, por outra parte tan relevante que non percisa de gabar. Mais acaso fose imperdonabre que eu rematara así e por eso penso que é mester falar un pouco máis d-el, inda que el coide que xa está ben o que hastra aquí se dixo. Así, pois, engadiremos que fillo amante da Galicia, non quixo nunca separarse d-ela nin ceder ós falagos de Madrid, no que se lle ofreceron destacados postos pol-as dotes excepcións da súa intelixencia privilexiada. Consagróu á Terra galega a súa vida enteira, e si por unha sola vez houbo de asomarse ó campo da política activa someténdose á vontade dos seus conveciños viveirenses que lle encomendaron a rexencia do Concello, ben axiña tornóu ós seus quefaceres de sempre, sen descoidar por eso a colaboración que se lle pedía, presto de contado a servir á cibdá, á provincia ou á nación.

Poucos serán, en verdá, os que poidan presentar no seu haber unha labor xornalista e literaria tan considerabre e tan copiosa, avalorada no externo pol-a claridade expositiva e pol-o casticismo do seu léxico, e no interno pol-o

exame concienzudo das materias, pol-a serenidade da crítica e pol-a devoción fervorosa do autor ó país galego que se reflexa en total-as páxinas dos seus libros e dos seus artigos e ensaios. “Meu amor a Galiza —oínlle decir unha vez en ocasión inesquecente— levóume, c-o meu irmán Antonio, a admirar e celebrar as súas grandezas pretéritas; por ese mesmo amor sufro e láíome como o que máis da súa decadencia visibre, e anxeio o seu rexurdimento a un estado próspero e brillante, cal lle corresponde e é acreedora pol-o seu leal desinterés, as cívicas virtudes e os sacrificios infindos, a través das xeneracións, dos seus fillos... Galiza foi sempre o ideal do meu patriótico afecto e para ela agardo, cando os tempos sexan chegados, as venturanzas que merece”.

E agora teñamos un recordo pra Antonio, o irmán de Ramón, o bo e xeneroso por excelencia. El foi o noso mentor, el foi a forza e o aglutinante que nos fixo erguer a testa e mirar de fronte ó porvir que xa, como a aurora d-un día de vran, percibíase que tería de ser óptimo. Seguindo o camiño trazado pol-o Patriarca das letras galegas, don Manuel Murguía, Antonio Villar Ponte devolvéunos a conciencia de galegos que tiñamos senon perdida si bastante esquencida. E con Ramón como discípulo ben amado andiveron sembrando a nova venturosa pol-os camiños todos de Galicia. Como ocorre con todol-os apóstolos non foron sempre os camiños porque pasaron camiños de rosas nin moito menos; algúns foron camiños de espiñas que feriron máis que os pés os corazóns dos sembradores, porque a mágoa viña de quen pol-o sangue e pol-a vecindade non sera doado agardar.

Vaian n-este párrafo que adicamos á memoria de Antonio Villar Ponte os nosos homenaxes á súa esgrevia personalidade, ó seu valor indomable, á súa bondade que nos tiña cautivados a todol-os que tras el íbamos co-a fe dos catecúmenos... El apareceu no intre galego que máis falla nos facía como se fose un predestinado, o que nos fai crer en conciencia que terá de vir quen tome o facho guieiro na súa man, que el deixou cando morréu, pra levarnos pol-os novos roteiros que haberán de recorrerse pra chegar ó final dos nosos debezos. O mesías agardado ten que haber nacido xa, porque certamente temos presa en que a tarefa se cumpra.

Vou rematar decindo que no expediente académico de Ramón Villar Ponte consérvase a comunicación que dirixíu dando as gracias á nosa Academia cando pol-a Secretaría se lle participóu o nomeamento de numerario. No devandito escrito, despóis de agradecer cabaleirosamente a designación, engade: “Ao rogar a V.S. manifeste a todos os señores académicos o homenaxe do meu leal e sincero recoñecimento, cúpleme significar que os artigos do Regulamento



aducidos nél para min tan honroso oficio, e cantas determinacións acorde esa Corporación, serán a norma que informe a miña conducta e dirixan os meus actos”. Estóu seguro que Ramón Villar Ponte terá de cumprir canto promete, porque o coñezo e sei que é home de palabra.

A Academia, pois, está de noraboa, e eu comprázome en felicitala por esta importante incorporación d-un home tan distinto como Ramón Villar Ponte, a quen tamén felicito por ocupar na Corporación a cadeira a que ten dereito. Ó vello amigo e compañeiro de sonos e realidades vaia unha tensa aperta, a primeira das que recibirá neste acto que será difícil de esquecer.

Este discurso de ingreso de don Ramón Villar Ponte na Real Academia Galega e o de resposta de don Ramón Cabanillas Enríquez imprimíronse nos talleres da Editorial Moret, da Cruña, o día 20 de decembro do 1977, mercé á xenerosa axuda dos irmáns Teresa e Xaime Villar Chao, fillos do esgrevio recipiendario



## Índice

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON RAMÓN VILLAR PONTE	7
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON RAMÓN CABANILLAS ENRÍQUEZ	51





**Real Academia Galega**

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

[secretaria@academia.gal](mailto:secretaria@academia.gal)

[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

